

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**7173** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 252/2006, do 3 de marzo, polo que se revisan os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e polo que se modifica o Regulamento para o seu desenvolvemento e execución, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril. («BOE» 96, do 22-4-2006.)*

Advertidos erros no Real decreto 252/2006, do 3 de marzo, polo que se revisan os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e polo que se modifica o Regulamento para o seu desenvolvemento e execución, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 4 en lingua galega, do 1 de abril de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 626, segunda columna, no título da disposición, onde di: «...Regulamento para a súa execución.», debe dicir: «...Regulamento para o seu desenvolvemento e execución.».

Na páxina 627, primeira columna, terceiro parágrafo, décima liña, onde di: «...para o desenvolvemento e a execución.», debe dicir: «...para o desenvolvemento e execución.».

Na páxina 627, segunda columna, artigo segundo, no título e no primeiro parágrafo, onde di «...para a execución da Lei 11/1997.», debe dicir «...para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997.».

Na páxina 628, primeira columna, punto tres, artigo 9 bis, parágrafo 1, onde di: «...da Lei 10/1998, do 21 de abril.», debe dicir: «...da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.».

Na páxina 628, segunda columna, punto cinco, número 5, liña quinta, onde di: «...este real decreto.», debe dicir: «...este regulamento.».

Na páxina 629, primeira columna, ANEXO 4, artigo 2.e), liña cuarta, onde di: «...do artigo 5 da Lei 11/1997, do 24 de abril, na redacción dada polo artigo 1 do Real decreto polo que se modifican os obxectivos de redución, reciclaxe e valorización de envases e residuos de envases, a cantidade total de residuos de envases valorizados ou incinerados.», debe dicir: «...do artigo 5 da Lei 11/1997, do 24 de abril, a cantidade total de residuos de envases valorizados ou incinerados.».

Na páxina 631, cadro 1, na nota 4, onde di: «Para os efectos deste real decreto.», debe dicir: «Para os efectos deste regulamento.»;

Na páxina 631, cadro 1, na nota 11, onde di: «...a modificación establecida neste real decreto.», debe dicir: «...a modificación establecida polo real decreto polo que se revisan os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e polo que se modifica o Regulamento para o seu desenvolvemento e execución, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril.».

Na páxina 632, cadro 2, nota 4, primeira liña, onde di: «Para os efectos deste real decreto.», debe dicir: «Para os efectos deste regulamento.».

Na páxina 632, cadro 3, nota 3, onde di: «Para os efectos deste real decreto.», debe dicir: «Para os efectos deste regulamento.».

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**7264** *REAL DECRETO 417/2006, do 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo. («BOE» 97, do 24-4-2006.)*

### ÍNDICE

- Título I. Da regulación dos órganos colexiados
  - Capítulo I. Órganos colexiados no ámbito catastral
    - Artigo 1. Órganos colexiados.
    - Artigo 2. Réxime xeral.
  - Capítulo II. Consello Superior da Propiedade Inmobiliaria
    - Artigo 3. Composición.
    - Artigo 4. Funcións.
  - Capítulo III. Comisión Superior de Coordinación Inmobiliaria
    - Artigo 5. Composición.
    - Artigo 6. Funcións.
  - Capítulo IV. Comisión Técnica de Cooperación Catastral
    - Artigo 7. Composición.
    - Artigo 8. Funcións.
  - Capítulo V. Xuntas técnicas territoriais de coordinación inmobiliaria
    - Artigo 9. Ámbito.
    - Artigo 10. Composición.
    - Artigo 11. Funcións da Xunta Técnica Territorial.
    - Artigo 12. Funcións do relator.
  - Capítulo VI. Consellos territoriais da propiedade inmobiliaria
    - Artigo 13. Ámbito.
    - Artigo 14. Composición.
    - Artigo 15. Funcións.
  - Capítulo VII. Xuntas periciais municipais do catastro.
    - Artigo 16. Ámbito e composición.
    - Artigo 17. Funcións.
- Título II. Da regulación do catastro inmobiliario
  - Capítulo I. Referencia catastral dos bens inmobles
    - Artigo 18. Normas de asignación da referencia catastral.
    - Artigo 19. Recintos de dominio público en solo rústico.
    - Artigo 20. Asignación da referencia catastral a bens inmobles de características especiais descontínuos.
  - Capítulo II. Particularidades no tratamento de determinados bens como inmobles para efectos catastrais.
    - Artigo 21. Condicións para a consideración como ben inmovible independente de rochos e prazas de estacionamento en pro indiviso.
    - Artigo 22. Inscripción no catastro inmobiliario.
    - Artigo 23. Bens inmobles de características especiais.

Título III. Da formación e mantemento do catastro inmobiliario.

Capítulo I. Disposicións comúns aos procedementos de incorporación

Artigo 24. Medios de proba.

Artigo 25. Inscripcións catastrais provisionais.

Artigo 26. Trámite de audiencia.

Artigo 27. Prazo de resolución nos procedementos de incorporación e efectos da falta de resolución expresa.

Capítulo II. Procedementos de declaración

Artigo 28. Lugar e prazo de presentación das declaracións.

Capítulo III. Procedementos de comunicación.

Sección 1.<sup>a</sup> Comunicacións de notarios e rexistradores da propiedade

Artigo 29. Alcance das comunicacións.

Sección 2.<sup>a</sup> Comunicacións de concellos.

Artigo 30. Feitos, actos ou negocios obxecto de comunicación.

Artigo 31. Alcance e contido da obriga de comunicar.

Artigo 32. Prazo de comunicación.

Artigo 33. Renuncia e suspensión do procedemento de comunicación.

Artigo 34. Información aos titulares catastrais.

Sección 3.<sup>a</sup> Comunicación en supostos de concentración parcelaria, deslindamento administrativo, expropiación forzosa e actos de planeamento e de xestión urbanísticos.

Artigo 35. Alcance e contido da obriga de comunicar.

Artigo 36. Prazo para efectuar as comunicacións.

Sección 4.<sup>a</sup> Comunicacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria

Artigo 37. Alcance e contido da obriga de comunicar.

Sección 5.<sup>a</sup> Normas comúns aos procedementos de comunicación.

Artigo 38. Obrigas formais.

Capítulo IV. Concordancia entre o titular catastral e o suxeito pasivo do imposto sobre bens inmobles.

Artigo 39. Información sobre rectificacións do suxeito pasivo.

Artigo 40. Contido da información.

Artigo 41. Tramitación.

Artigo 42. Obrigas formais.

Artigo 43. Confirmación das rectificacións.

Capítulo V. Procedementos de solicitude.

Artigo 44. Inicio dos procedementos.

Artigo 45. Solicitude de baixa.

Artigo 46. Efectos da solicitude de baixa.

Capítulo VI. inspección.

Sección 1.<sup>a</sup> A inspección catastral

Artigo 47. Definición e funcións.

Artigo 48. Atribución e exercicio das funcións inspectoras.

Artigo 49. Persoal inspector.

Sección 2.<sup>a</sup> Actuacións de inspección catastral.

Artigo 50. Enumeración.

Artigo 51. Actuacións de comprobación e investigación.

Artigo 52. Actuacións de obtención de información.

Artigo 53. Actuacións de valoración.

Artigo 54. Actuacións de informe e asesoramento.

Sección 3.<sup>a</sup> Planificación das actuacións da inspección catastral.

Artigo 55. Plan de inspección catastral.

Sección 4.<sup>a</sup> Especialidades do procedemento de inspección catastral.

Artigo 56. Os obrigados tributarios no procedemento de inspección catastral.

Artigo 57. Especialidades nas actuacións de investigación.

Artigo 58. Especialidades nas actuacións de comprobación.

Sección 5.<sup>a</sup> Actuacións de inspección conxunta cos concellos e as entidades que exerzan a xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles.

Artigo 59. Definición.

Artigo 60. Planificación das actuacións de inspección conxunta.

Artigo 61. Tramitación das actuacións.

Título IV. Da colaboración e do intercambio de información.

Capítulo I. Convenios de colaboración

Artigo 62. Subscrición de convenios de colaboración.

Artigo 63. Tramitación dos convenios de colaboración.

Artigo 64. Réxime xurídico dos convenios.

Artigo 65. Especialidades en materia de valoración e inspección.

Artigo 66. Eficacia.

Artigo 67. Denuncia.

Artigo 68. Publicidade do convenio e da súa resolución.

Capítulo II. Intercambio de información.

Artigo 69. Fornecemento de información á Dirección Xeral do Catastro.

Artigo 70. Fornecemento de información pola Dirección Xeral do Catastro ás administracións tributarias.

Artigo 71. Fornecemento de información ás entidades colaboradoras.

Capítulo III. Colaboración na difusión de información.

Artigo 72. Puntos de información catastral.

Título V. Da información catastral e a súa difusión.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 73. Protección de datos de carácter persoal.

Artigo 74. Emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Artigo 75. Prazo de tramitación das solicitudes de información catastral.

Artigo 76. Aplicación aos fins previstos na solicitude.

Artigo 77. Réxime de cesións e autorizacións.

Artigo 78. Uso indebido da información catastral.

Artigo 79. Documentación catastral.

Capítulo II. Do acceso á información catastral.

Artigo 80. Acceso das administracións públicas aos datos protexidos.

Artigo 81. Acceso a documentos que formen parte de expedientes concluídos.

Artigo 82. Denegación do dereito de acceso á información catastral e limitacións ao seu exercicio.

Capítulo III. Dos certificados catastrais.

Artigo 83. Expedición de certificados catastrais.

Artigo 84. Efectos dos certificados catastrais.

Título VI. Das infraccións e sancións catastrais

Artigo 85. Criterios de graduación

Artigo 86. Falta de presentación de declaracións.

Artigo 87. Presentación de declaracións fóra de prazo.

Artigo 88. Presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas.

Artigo 89. Incumprimento do deber de fornecer a referencia catastral.

Artigo 90. Incumprimento do deber de comunicación.

Artigo 91. Incumprimento do deber de lle subministrar ao catastro datos, informes ou antecedentes.

Artigo 92. Resistencia, escusa ou negativa ás actuacións da Administración catastral.

Artigo 93. Redución das sancións.

Artigo 94. Procedemento sancionador.

Disposición adicional primeira. Informe dos cadros de valores especiais de ámbito municipal.

Disposición adicional segunda. Comunicacions municipais.

Disposición adicional terceira. Asistencia xurídica gratuíta.

Disposición adicional cuarta. Liquidacións do imposto sobre bens inmobles.

Disposición adicional quinta. Exercicio de funcións atribuídas en convenios.

Disposición adicional sexta. Desenvolvemento das aplicacións informáticas.

Disposición adicional sétima. Incorporación de certificacións catastrais en documentos públicos.

Disposición adicional oitava. Supostos de concorrencia de sancións.

Disposición adicional novena. Encomenda da xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles.

Disposición transitoria primeira. Órganos colexiados.

Disposición transitoria segunda. Inscrición de rochos e prazas de estacionamento.

Disposición transitoria terceira. Procedementos de comunicación.

Disposición transitoria cuarta. Convenios de colaboración vixentes.

Disposición transitoria quinta. Réxime sancionador.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Facultade de desenvolvemento.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

A Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario, achegou como principal novidade a de constituir a primeira regulación exclusiva e específica da institución catastral posto que, ata entón, a primacía da súa natureza tributaria determinara que o seu réxime figurase sempre vinculado ao de normas de carácter fiscal. Pouco máis dun ano despois da súa promulgación, en uso da autorización contida na disposición derradeira segunda da lei citada, aprobouse o Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, que constitúe o texto refundido das disposicións vixentes reguladoras do catastro inmobiliario e que, tamén na súa disposición derradeira segunda, faculta o Goberno para ditar certas disposicións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución. A dita norma foi, posteriormente, obxecto de lixeiras modificacións introducidas polas

leis 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2005, e 4/2004, do 29 de decembro, de modificación de taxas e de beneficios fiscais de acontecementos de excepcional interese público.

Este real decreto, ditado en exercicio da referida facultade de desenvolvemento, ten por obxecto a aprobación dun primeiro bloque de normas regulamentarias do catastro, cuxa redacción é froito dunha serie de consideracións ás cales cómpre facer referencia para un mellor entendemento do seu alcance. A primeira delas deriva dunha das máis acusadas características do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario: a minuciosidade con que aborda a ordenación de boa parte dos seus aspectos. Este factor permitiu alixeirar considerablemente esta disposición, podendo cualificarse a entidade dos seus contidos, en termos xerais, de inversamente proporcional á da correspondente regulación de rango legal. Por outra parte, na súa elaboración púxose especial coidado en respectar o moderno criterio de non incidir mediante normas de desenvolvemento senón nas materias nas cales aquel se considera indispensable, evitándose a reprodución dos preceptos contidos na norma legal previa.

Con tales premisas, á hora de acometer o desenvolvemento da nova normativa catastral fíxose, ante todo, un especial esforzo para delimitar o seu contido atendendo a un dobre criterio. Así, por unha banda, tratouse, como non podía ser doutro xeito, de atender ás diversas chamadas específicas a normas regulamentarias que o articulado do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario contén. E por outra banda, foron obxecto de desenvolvemento neste regulamento as demais materias da citada lei que así o requirían, coas únicas excepcións daquelas para as cales xa existen disposicións de desenvolvemento que encaixan nela, como é o caso da cartografía catastral ou o da constancia documental da referencia catastral e, singularmente, das relacionadas co valor catastral e cos procedementos de valoración, materias que, pola súa entidade, aconsellan un tratamento específico nun texto substantivo independente, manténdose, mentres tanto, ao resguardo da previsión contida na disposición transitoria cuarta do texto refundido. Como última característica, cabe apuntar que na estruturación deste regulamento se tratou de seguir a sistemática que preside a lei que desenvolve, ben que determinadas materias requiriron unha modulación diferente para facilitar a súa aplicación polos seus destinatarios.

Este real decreto consta de noventa e catro artigos distribuídos en seis títulos, así como de nove disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O título I está dedicado, co necesario nivel de detalle, ao réxime dos órganos colexiados no ámbito catastral, que constitúen exemplos patentes de concorrencia dos tres grandes grupos de administracións, isto é, a estatal, a autonómica e a local, nunha materia de interese común como é o catastro inmobiliario.

Baixo a rúbrica da regulación do catastro inmobiliario, o título II completa determinados aspectos relativos á referencia catastral, para o cal se centra substancialmente na súa asignación e nas particularidades no tratamento de determinados bens como son inmobles para efectos catastrais, cales poden ser os rochos e prazas de estacionamento en pro indiviso. Do mesmo xeito, desenvolve a definición dos inmobles de características especiais e establece, con base na normativa sectorial, os requisitos que deben reunir para que poida ser apreciada a condición de complexidade exixida pola lei.

O título III, o de maior extensión, está dedicado á formación e mantemento do catastro inmobiliario e, en



sucesivos capítulos, desenvolve na medida necesaria as normas sobre os distintos procedementos de incorporación contidos no texto refundido da lei, con excepción, como se apuntou máis arriba, do de valoración. Singular interese reviste a regulación dos procedementos de comunicación contida no capítulo III e da concordancia entre o titular catastral e o suxeito pasivo do imposto sobre bens inmobles do capítulo IV que, dado o seu carácter innovador, así como a súa gran potencialidade para o correcto mantemento do catastro sen incremento de cargas formais para os cidadáns, requiriu un tratamento moi detallado, como o é tamén o dispensado á inspección catastral no capítulo VI.

A colaboración en materia catastral e o intercambio de información constitúen o contido do título IV, que inclúe as necesarias previsións respecto da subscripción e réxime xurídico dos correspondentes convenios. O real decreto desenvolve, así mesmo, os diversos supostos de subministración da información catastral pola Dirección Xeral do Catastro a outras administracións, entidades ou institucións e viceversa. Finalmente, como novidade, régúlese neste título a creación dos puntos de información catastral como instrumento para a difusión por outras administracións, corporacións ou entidades da que estea dispoñible na base de datos nacional do catastro.

E é precisamente a regulación da información catastral e a súa difusión o obxecto do título V que, alén de recoller os principios relativos á protección dos datos de carácter persoal, o réxime de cesións e autorizacións e o uso indebido da información catastral, incorpora o prazo de tramitación das solicitudes de información catastral establecido na Directiva 2003/98/CE, do 17 de novembro, relativa á reutilización da información do sector público, prazo que resulta máis vantaxoso para o cidadán que o previsto con carácter xeral na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O título inclúe, así mesmo, en dous capítulos diferenciados, a regulación específica do acceso á información catastral e dos certificados catastrais, que constitúen o produto máis significativo de entre os que incorporan información catastral desde a perspectiva do cidadán e, en xeral, do usuario dos servizos catastrais.

O título VI e derradeiro está consagrado ás infraccións e sancións catastrais e desenvolve detalladamente os distintos tipos definidos na lei, as sancións correspondentes a cada un deles, e os criterios de graduación que resultan aplicables, así como as especialidades do procedemento sancionador nesta materia.

Da parte derradeira do Real decreto cabe salienta, polo innovador do seu contido, as disposicións adicionais sétima, que prevé a incorporación das certificacións catastrais descritivas e gráficas nas escrituras públicas relativas á transmisión da propiedade dos bens inmobles, por petición dos outorgantes, e oitava, que regula os supostos de concorrencia de sancións por infraccións catastrais e do imposto sobre bens inmobles.

Debe destacarse finalmente que a elaboración desta norma estivo presidida pola colaboración e o consenso coas distintas administracións e axentes implicados na súa aplicación, mostra do cal é a detallada análise que dela se fixo na Comisión Técnica de Cooperación Catastral, alén de terse sometido ao preceptivo informe da Axencia Española de Protección de Datos e da Comisión Nacional de Administración Local.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de ministros na súa reunión do día 7 de abril de 2006,

DISPONGO:

## TÍTULO I

### Da regulación dos órganos colexiados

#### CAPÍTULO I

##### Órganos colexiados no ámbito catastral

###### Artigo 1. *Órganos colexiados.*

Son órganos colexiados de carácter interadministrativo en materia de catastro:

- a) O Consello Superior da Propiedade Inmobiliaria.
- b) A Comisión Superior de Coordinación Inmobiliaria.
- c) A Comisión Técnica de Cooperación Catastral.
- d) As xuntas técnicas territoriais de coordinación inmobiliaria.
- e) Os consellos territoriais da propiedade inmobiliaria.
- f) As xuntas periciais municipais do catastro.

###### Artigo 2. *Réxime xeral.*

1. Os órganos colexiados previstos neste real decreto quedarán validamente constituídos en primeira convocatoria cando estean presentes o presidente ou o vicepresidente e o secretario ou, se é o caso, os que os substitúan, e cando menos, a metade dos seus membros. En segunda convocatoria, que se realizará transcorrida unha hora desde a sinalada para a primeira, será suficiente con que estean presentes, cando menos, un terzo dos membros do correspondente órgano colexiado, entre os cales se deberán encontrar o presidente ou vicepresidente, e o secretario ou, se é o caso, os que os substitúan.

2. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente ou por quen fose nomeado expresamente para tal efecto e, na súa falta, polo membro do órgano colexiado de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

A substitución dos vogais será realizada polos que fosen expresamente nomeados para tal efecto.

3. A representación nos ditos órganos de administracións públicas distintas da Administración xeral do Estado producirase nos termos previstos no artigo 39 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da administración xeral do Estado.

4. Os acordos serán adoptados por maioría dos membros presentes, dirimindo o presidente co seu voto os empates que se puidesen producir.

5. Poderán incorporarse ás reunións, con voz pero sen voto, calquera outra persoa ou representante de administracións públicas, cando se encontren directamente interesadas nalgún dos temas que se vaian tratar ou se considere conveniente o seu asesoramento, e que, en razón diso, fosen especialmente invitadas pola presidencia.

6. Os membros dos órganos colexiados desempeñarán os dereitos económicos previstos no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7. En todo o non regulado polo presente Real decreto, o funcionamento, convocatorias, reunións e réxime de adopción de acordos, rexeranse polo previsto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## CAPÍTULO II

**Consello Superior da Propiedade Inmobiliaria**Artigo 3. *Composición.*

O Consello Superior da Propiedade Inmobiliaria, integrado por representantes da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos e entidades dependentes e das administracións autonómica e local, estará composto polos seguintes membros:

- a) Presidente, o secretario de Estado de Facenda e Orzamentos, que poderá delegar no vicepresidente.
- b) Vicepresidente, o secretario xeral de Facenda.
- c) Vogais: polo Ministerio de Economía e Facenda, o director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, o director xeral do Catastro, o inspector xeral do Ministerio de Economía e Facenda, o director xeral de Tributos e o director xeral de Política Económica; polo Ministerio de Vivenda, o director xeral de Urbanismo e Política de Solo; polo Ministerio de Xustiza, o director xeral dos Rexistros e do Notariado; polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o secretario xeral técnico e o presidente do Fondo Español de Garantía Agraria.

En representación das comunidades autónomas e das cidades con estatuto de autonomía, un vogal por cada unha das cinco designadas polo Consello de Política Fiscal e Financeira. Estas vogalías anovaránse cada dous anos.

En representación da Administración local, cinco vogais designados pola asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación.

- d) Secretario, con voz pero sen voto, un funcionario da Dirección Xeral do Catastro, con rango de subdirector xeral ou asimilado, designado polo presidente do Consello Superior.

Artigo 4. *Funcións.*

Correspóndenlle ao Consello Superior da Propiedade Inmobiliaria as seguintes funcións:

- a) A análise dos criterios xerais que deben rexer a valoración catastral dos bens inmobles.
- b) O estudo dos criterios xerais que deben presidir a colaboración coas comunidades autónomas e coas entidades locais no desenvolvemento das funcións encomendadas á Dirección Xeral do Catastro.
- c) O estudo das propostas de modificacións normativas en materia catastral e o informe, de natureza facultativa, destas.
- d) A realización de análise e propostas relacionadas coa fiscalidade inmobiliaria.
- e) Recibir información sobre os resultados de xestión da Dirección Xeral do Catastro e do observatorio catastral do mercado inmobiliario.
- f) O estudo de calquera outra cuestión que lle sexa sometida polo presidente do Consello.

## CAPÍTULO III

**Comisión Superior de Coordinación Inmobiliaria**Artigo 5. *Composición.*

A Comisión Superior de Coordinación Inmobiliaria, integrada por representantes da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos e entidades dependentes e das administracións autonómica e local, estará composta polos seguintes membros:

- a) Presidente, o director xeral do Catastro, que poderá delegar no subdirector xeral de Valoración e Inspección.

- b) Vogais: catro técnicos titulados superiores destinados no Ministerio de Economía e Facenda, designados polo director xeral do Catastro; un técnico titulado superior, representante da Axencia Estatal de Administración Tributaria, designado polo seu director xeral; un representante da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, designado polo seu director xeral; un técnico titulado superior destinado no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, designado polo seu secretario xeral técnico; e un técnico titulado superior en representación do Ministerio de Vivenda, designado polo director xeral de Urbanismo e Política de Solo.

Catro técnicos titulados superiores, representantes das comunidades autónomas designadas polo Consello de Política Fiscal e Financeira. Estas vogalías anovaránse cada dous anos. Así mesmo, poderá asistir, con voz pero sen voto, un técnico titulado superior designado por cada unha das comunidades autónomas que non estean directamente representadas.

Catro técnicos titulados superiores, representantes da Administración local, designados pola asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación.

- c) Secretario, con voz pero sen voto, un funcionario destinado na Dirección Xeral do Catastro, designado polo presidente da Comisión Superior.

Artigo 6. *Funcións.*

Correspóndenlle á Comisión Superior de Coordinación Inmobiliaria as seguintes funcións:

- a) Proponerlle ao ministro de Economía e Facenda os módulos e criterios de valoración, para efectos catastrais, dos bens inmobles.
- b) Aprobar os criterios marco de coordinación nacional de valores catastrais co obxecto de garantir a debida equidade.
- c) Resolver as discrepancias que lles sexan elevadas polas xuntas técnicas territoriais, de acordo co previsto no artigo 11.g) deste real decreto.
- d) Coñecer o informe anual sobre o mercado inmobiliario a que se refiren os artigos 11.a) e 12.e) deste real decreto.
- e) Verificar que os cadros de valores cuxo ámbito territorial comprenda máis dunha comunidade autónoma, se axustan aos criterios de coordinación establecidos conforme a epígrafe b) deste artigo.
- f) Emitir informe, previamente á súa aprobación, sobre os cadros de valores especiais cuxo ámbito territorial se estenda a máis dunha comunidade autónoma.
- g) Calquera outra que lles poida encomendar o presidente da Comisión.

## CAPÍTULO IV

**Comisión Técnica de Cooperación Catastral**Artigo 7. *Composición.*

A Comisión Técnica de Cooperación Catastral, integrada por representantes do Ministerio de Economía e Facenda e da Administración Local, estará composta polos seguintes membros:

- a) Presidente, o director xeral do Catastro ou funcionario en quen delegue, que terá o rango de subdirector xeral.
- b) Vogais, seis funcionarios representantes da Dirección Xeral do Catastro, designados polo director xeral, e outros seis representantes designados pola asociación de entidades locais de ámbito nacional de maior implantación.
- c) Secretario, con voz pero sen voto, un funcionario designado polo presidente da Comisión Técnica.

**Artigo 8. Funcións.**

1. Son funcións da Comisión Técnica de Cooperación Catastral:

a) O informe, de natureza facultativa, das propostas de modificacións normativas en materia de colaboración entre as entidades locais e a Dirección Xeral do Catastro, tanto na xestión catastral como na xestión do imposto sobre bens inmobles.

b) Emitir informe nos proxectos de resolución sobre os formatos de intercambio de información e sobre os medios informáticos, electrónicos e telemáticos que se utilicen para a colaboración entre a Dirección Xeral do Catastro e as entidades locais.

c) Impulsar e cooperar no desenvolvemento e implantación das fórmulas de colaboración na xestión catastral e na xestión do imposto sobre bens inmobles previstas no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, e propoñer novas fórmulas de colaboración entre a Dirección Xeral do Catastro e as entidades locais.

d) Avaliar o funcionamento das fórmulas de colaboración establecidas, para o cal deberá ser informada dos seus resultados anualmente.

e) O estudo ou proposta de cantos outros asuntos relativos á cooperación e colaboración nas materias da súa competencia someta á súa consideración o presidente, xa sexa por propia iniciativa ou por proposta dos representantes da Dirección Xeral do Catastro ou das entidades locais.

2. No seo da Comisión Técnica de Cooperación Catastral poderanse crear subcomisións de traballo e estudo dos diferentes asuntos, nas cales a Comisión poderá delegar o exercicio das súas funcións.

**CAPÍTULO V****Xuntas técnicas territoriais de coordinación inmobiliaria****Artigo 9. Ámbito.**

1. En cada unha das delegacións especiais de Economía e Facenda, excepto en Navarra e País Vasco, existirá unha Xunta Técnica Territorial de Coordinación Inmobiliaria, como órgano técnico de coordinación de valores catastrais no ámbito territorial da súa competencia.

2. No caso das cidades de Ceuta e Melilla, as funcións das xuntas técnicas territoriais corresponderán aos respectivos consellos territoriais da propiedade inmobiliaria.

**Artigo 10. Composición.**

As xuntas técnicas territoriais de coordinación inmobiliaria, integradas por representantes do Ministerio de Economía e Facenda, da comunidade autónoma e das entidades locais do ámbito da correspondente Delegación Especial de Economía e Facenda, estarán compostas polos seguintes membros:

a) Presidente, o delegado especial de Economía e Facenda, que poderá delegar no vicepresidente.

b) Vicepresidente, o xerente rexional do Catastro.

c) Relatores: un enxeñeiro agrónomo ou de montes e un arquitecto, designados polo director xeral do Catastro entre os funcionarios destinados nas dependencias do catastro do ámbito territorial da Delegación Especial de Economía e Facenda. No caso das cidades de Ceuta e Melilla actuará como relator, con voz pero sen voto, o funcionario que designe o director xeral do Catastro.

d) Vogais:

Un enxeñeiro agrónomo ou de montes ou un arquitecto, designados polo delegado especial de Economía e

Facenda, por proposta do xerente rexional do Catastro, entre os funcionarios destinados nas xerencias ou subxerencias do Catastro do ámbito territorial da Delegación Especial de Economía e Facenda e un técnico superior facultativo designado polo delegado especial da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Nos casos en que non houbese funcionarios suficientes para as designacións de relatores e vogais no ámbito territorial citado, poderase designar funcionarios destinados fóra deste.

En representación da comunidade autónoma, dous titulados superiores, preferentemente enxeñeiros agrónomos ou de montes ou arquitectos, vinculados a esta por unha relación laboral ou funcionarial, que serán designados pola consellería competente en materia de facenda.

En representación das entidades locais, catro titulados superiores, preferentemente enxeñeiros agrónomos ou de montes, ou arquitectos, vinculados a estas por unha relación laboral ou funcionarial, cuxo anovamento, substitución e cesamento se realizará conforme o que se determine mediante orde ditada polo ministro de Economía e Facenda.

e) A secretaría da Xunta, que terá ao seu cargo a conservación dun rexistro dos cadros de valores en vigor, será desempeñada, con voz pero sen voto, por un funcionario da Xerencia Rexional do catastro respectiva.

**Artigo 11. Funcións da Xunta Técnica Territorial.**

Correspóndenlles ás xuntas técnicas territoriais de coordinación inmobiliaria as seguintes funcións:

a) Recibir o informe anual sobre o mercado inmobiliario regulado no artigo 12.e) e elevarlo á Comisión Superior de Coordinación Inmobiliaria.

b) Formular as propostas coordinadas de valores relativas ao ámbito da súa competencia e elevalas á Comisión Superior de Coordinación Inmobiliaria.

c) Acordar a delimitación de áreas económicas homoxéneas, asignando a cada unha os módulos básicos de valoración, valores de referencia, banda de coeficientes e calquera outro parámetro que corresponda de conformidade cos criterios marco fixados pola Comisión Superior de Coordinación Inmobiliaria, comunicándollelo para efectos da súa aplicación ás xerencias e subxerencias do Catastro afectadas.

d) Definir o campo de aplicación dos coeficientes correctores respecto dos cales a normativa de valoración catastral así o preveña e autorizar a súa aplicación efectiva nos cadros de valores.

e) Verificar que os cadros de valores remitidos polas xerencias ou subxerencias do Catastro se axustan aos criterios de coordinación aos cales se refire a alínea c) anterior, sempre que non teñan ámbito territorial superior ao da comunidade autónoma.

f) Coordinar e emitir informe, previamente á súa aprobación, sobre os cadros de valores especiais cuxo ámbito territorial comprenda o de máis dun Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria do seu ámbito.

g) Propoñerlle á Comisión Superior de Coordinación Inmobiliaria o acordo polo cal se resolvan as discrepancias que se susciten en materia de coordinación de cadros de valores, cando as correccións efectuadas non supoñan, a xuízo da Xunta, emenda das observacións formuladas, conforme o previsto na alínea d) do artigo seguinte.

h) Calquera outra actuación que lle poida encomendar a Dirección Xeral do Catastro ou a Comisión Superior de Coordinación Inmobiliaria.

**Artigo 12. Funcións do relator.**

Compételle ao relator correspondente da Xunta Técnica Territorial de Coordinación Inmobiliaria:



a) Realizar estudos técnico-económicos para a coordinación dos valores.

b) Elaborar as propostas de delimitación de áreas económicas homoxéneas para a coordinación de valores.

c) Emitir informe e propoñer os cadros de valores que deban someterse á consideración da Xunta Técnica e estender nos devanditos cadros, de conformidade co acordado, a correspondente dilixencia de coordinación, remitindo os cadros dilixenciados ás xerencias ou subxerencias do Catastro.

d) Solicitar das xerencias ou subxerencias do Catastro a corrección dos cadros de valores nos supostos en que a Xunta Técnica os considere non axustados aos criterios de coordinación.

e) Elaborar un informe anual sobre o mercado inmobiliario, para o cal realizará o seguimento e coordinación dos estudos do mercado inmobiliario e da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico e das súas modificacións.

f) Asesorar a Xunta Técnica Territorial e desenvolver as actividades necesarias para a preparación de cantos asuntos se sometan á súa consideración.

## CAPÍTULO VI

### Consellos territoriais da propiedade inmobiliaria

#### Artigo 13. *Ámbito.*

Adscrito a cada delegación de Economía e Facenda existirá un Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, que exercerá as súas competencias sobre o ámbito territorial daquela, salvo nas delegacións de Economía e Facenda de Madrid e Barcelona, nas cales existirán dous consellos territoriais da propiedade inmobiliaria, cuxas competencias se estenderán aos termos municipais que se determinen mediante orde ditada polo ministro de Economía e Facenda.

#### Artigo 14. *Composición.*

1. Os consellos territoriais da propiedade inmobiliaria estarán formados por representantes do Ministerio de Economía e Facenda, da comunidade autónoma e das entidades locais existentes na área de competencia do respectivo consello.

2. A presidencia dos consellos territoriais corresponderá aos delegados de Economía e Facenda, salvo nos consellos de Madrid-capital e Barcelona-ámbito metropolitano, que serán presididos respectivamente polos alcaldes de Madrid e Barcelona. Nestes dous consellos existirá unha vicepresidencia que lle corresponderá ao delegado de Economía e Facenda.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente do Consello será substituído polo xerente do Catastro. Nos consellos territoriais de Madrid-Capital e Barcelona-Ámbito Metropolitano a dita substitución recaerá no concelleiro que designe o seu presidente.

3. Formarán parte como vogais dos consellos territoriais da propiedade inmobiliaria en representación do Ministerio de Economía e Facenda:

a) O xerente do catastro. No caso de que tivese que actuar como presidente do Consello por substitución, conforme o previsto no número 2 deste artigo, a dita vogalía será cuberta polo funcionario que designe o delegado de Economía e Facenda.

b) Tres representantes designados pola Dirección Xeral do Catastro, por proposta do delegado de Economía e Facenda, coa excepción dos consellos das cidades de Ceuta e Melilla. No caso de existencia de subxerencia

dentro do ámbito do Consello, unha destas vogalías corresponderá ao subxerente.

c) Un representante designado polo delegado de Economía e Facenda, excepto nos consellos territoriais de Madrid-capital e das cidades de Ceuta e Melilla.

d) Un representante da Axencia Estatal de Administración Tributaria, designado polo seu delegado.

4. As comunidades autónomas estarán representadas en cada un dos consellos territoriais da propiedade inmobiliaria existentes no seu ámbito por dous vogais designados pola consellería competente en materia de facenda.

Así mesmo, as cidades de Ceuta e Melilla contarán con tres representantes nos consellos territoriais do seu ámbito, designados pola consellería competente en materia de facenda.

5. As entidades locais existentes no ámbito de cada consello territorial estarán representadas polos seguintes vogais:

a) Un representante designado pola deputación provincial, cando exista a dita corporación.

b) Un representante designado polos cabidos ou consellos insulares, que desempeñará a representación de todos os que existan no ámbito de competencia do consello respectivo.

c) Un representante do concello capital da provincia ou comunidade autónoma uniprovincial, se é o caso, salvo no Consello Territorial de Madrid-capital, onde existirán tres, e nos consellos territoriais de Madrid-provincia, Barcelona-provincia e cidades de Ceuta e Melilla, onde non existirá ningún.

d) Un representante nos respectivos consellos territoriais do seu ámbito designado polos concellos de Cartagena, Gijón, Jerez de la Frontera e Vigo.

e) Un representante do conxunto dos concellos cuxa poboación de dereito sexa igual ou inferior a vinte mil habitantes incluídos no ámbito de cada consello territorial, excepto nos consellos de Madrid-provincia, Barcelona-provincia, Cantabria e La Rioja, que contarán con dous representantes, e os consellos territoriais de Madrid-capital, Barcelona ámbito metropolitano e as cidades de Ceuta e Melilla, nos cales non haberá ningún.

f) Dous representantes do conxunto dos concellos cuxa poboación de dereito sexa superior a vinte mil habitantes incluídos no ámbito de cada consello territorial que non conte con representante propio, conforme se sinala nos parágrafos anteriores, excepto no Consello de Madrid-provincia, que terá tres, nos consellos de Pontevedra e Cádiz, que contarán con un representante, e os consellos Madrid-capital, Barcelona ámbito metropolitano e as cidades de Ceuta e Melilla, nos cales non existirá ningún. No suposto de non existiren concellos coa dita poboación, estas vogalías acrecentaranse ás previstas no parágrafo anterior.

g) Dous representantes do conxunto dos concellos incluídos no ámbito territorial do Consello Territorial de Barcelona ámbito metropolitano.

h) Se é o caso, un representante da asociación de entidades locais de ámbito autonómico máis representativa, con voz pero sen voto.

6. A designación, elección, substitución e anovamento dos representantes das entidades locais realízase conforme o que se determine mediante orde ditada polo ministro de Economía e Facenda.

7. Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario da Xerencia designado polo presidente.

#### Artigo 15. *Funcións.*

Corresponderanlles aos consellos territoriais da propiedade inmobiliaria as seguintes funcións:

a) Emitir informe sobre os proxectos de convenios de colaboración ou outras formas de cooperación coas entidades locais en materia catastral e avaliar o resultado da súa execución, efectuando as propostas que procedan.

b) Aprobar os cadros de valores, cando a competencia lle fose delegada pola Dirección Xeral do Catastro.

c) Emitir informe sobre os cadros de valores especiais que non excedan o seu ámbito territorial e superen o ámbito municipal, salvo cando lles fose delegada a súa aprobación.

d) Emitir informe, cando así lles sexa requirido polo presidente, sobre as solicitudes de carácter xenérico relativas a información catastral presentadas polas administracións públicas.

e) Coñecer os resultados da xestión anual desenvolvida pola Xerencia do Catastro, así como o grao de colaboración das entidades locais, segundo o previsto neste real decreto.

f) Elixir, mediante o voto exclusivo dos vogais das entidades locais, os representantes destas na Xunta Técnica Territorial de Coordinación Inmobiliaria.

g) Informar ou coñecer de cantos outros asuntos sexan sometidos á súa consideración polo presidente en cada reunión.

## CAPÍTULO VII

### Xuntas periciais municipais do catastro

#### Artigo 16. *Ámbito e composición.*

1. En todos os municipios constituirase unha xunta pericial, baixo a presidencia do alcalde e coa seguinte composición:

a) Un vogal designado polo xerente ou subxerente do Catastro, elixido entre os funcionarios, preferentemente das especialidades agrícola ou forestal, da súa xerencia ou subxerencia.

b) Ata un máximo de catro vogais designados polo presidente.

c) Un técnico facultativo designado polo concello, preferentemente de especialidade agrícola ou forestal, pertencente aos servizos técnicos municipais ou das entidades locais supramunicipais en que se integre o concello correspondente, se o puxesen á súa disposición para estes casos.

d) En caso de existiren entidades locais menores no ámbito municipal, formará parte da xunta un representante designado por todas elas.

e) Actuará como secretario o do concello respectivo ou outro funcionario municipal designado para o efecto polo alcalde.

2. Procederase ao anovamento dos vogais designados pola entidade local no prazo de tres meses desde a celebración de eleccións municipais. Ata o dito momento continuarán exercendo as súas funcións os vogais designados con anterioridade.

#### Artigo 17. *Funcións.*

As xuntas periciais desenvolverán, cando así sexa solicitado polas xerencias e subxerencias do Catastro, funcións de asesoramento e apoio nos traballos de identificación das estremas, cualificación e clasificación dos predios rústicos do termo municipal, así como na obtención da información necesaria para a determinación da titularidade.

## TÍTULO II

### Da regulación do catastro inmobiliario

#### CAPÍTULO I

##### Referencia catastral dos bens inmobles

#### Artigo 18. *Normas das asignación da referencia catastral.*

1. Conforme o disposto no artigo 6.3 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, a referencia catastral, código identificador único de cada inmovible, asignarase con motivo da súa primeira inscrición no catastro. En ningún caso se poderá asignar a un inmovible unha referencia catastral que correspondese a outro con anterioridade.

2. O cambio de polígono ou cuarteirón ou a variación na clase dos inmobles non determinará, por si mesmo, a modificación da súa referencia catastral.

3. Nos supostos que se determinan, a asignación da referencia catastral realizarase conforme as seguintes regras:

a) Inscrición de novas construcións en réxime de propiedade horizontal: asignarase unha nova referencia a cada inmovible e desaparecerá a que correspondeu ao inmovible sobre o cal se realizase a nova construción.

b) División ou agrupación de inmobles: a referencia do predio matriz ou dos predios agrupados desaparecerá e asignarase unha nova a cada un dos predios resultantes.

c) Segregación de inmobles: manterase a referencia do predio sobre o cal se practica a segregación e asignarase unha nova a cada un dos predios segregados.

d) Agregación de inmobles: manterase a referencia do predio sobre o cal se practica a agregación.

4. Poderá asignarse unha referencia catastral provisional, por petición do notario que autorice a escritura pública correspondente, aos inmobles pendentes da súa consolidación material ou xurídica, en supostos tales como unha obra nova en construción ou unha división en propiedade horizontal en idénticas circunstancias.

#### Artigo 19. *Recintos de dominio público en solo rústico.*

1. Dentro de cada termo municipal, o ámbito espacial dos bens de dominio público localizados en solo de natureza rústica será obxecto de especial identificación no catastro mediante unha referencia catastral específica, de acordo coa súa función e con delimitación do recinto que ocupen. A dita identificación especial manterase cando o correspondente solo pase a ser de natureza urbana e ata que se produza o seu desenvolvemento urbanístico.

2. As distintas administracións e organismos colaborarán co catastro na identificación dos ditos inmobles, conforme o previsto no artigo 36 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

#### Artigo 20. *Asignación da referencia catastral a bens inmobles de características especiais descontínuos.*

Aos bens inmobles de características especiais compostos de varios recintos xeográficos descontínuos asignaráselles unha referencia catastral única, sen prexuízo da identificación de cada un dos ditos recintos.



## CAPÍTULO II

**Particularidades no tratamento de determinados bens como inmoables para efectos catastrais**

Artigo 21. *Condicións para a consideración como ben inmoable independente de rochos e prazas de estacionamento en pro indiviso.*

De acordo co artigo 6.2.a) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, terán a consideración de bens inmoables independentes, para efectos catastrais, os rochos e as prazas de estacionamento en pro indiviso adscritos ao uso e aproveitamento exclusivo e permanente dun titular mediante escritura pública na cal se inclúa a súa descrición pormenorizada.

Artigo 22. *Inscripción no catastro inmobiliario.*

A concorrencia das circunstancias expresadas no artigo anterior asimilárase ao suposto de división previsto no artigo 16.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e, para a súa declaración, a comunidade ou entidade sen personalidade xurídica que integre o pro indiviso terá a consideración de representante de todos e cada un dos comuneiros. A dita declaración acompañarase das escrituras públicas acreditativas da adscrición de uso e aproveitamento, con referencia a un plano descriptivo da situación de todos os rochos e prazas de estacionamento afectados.

Artigo 23. *Bens inmoables de características especiais.*

1. Para efectos da súa incorporación ao catastro, o conxunto complexo que, de acordo co previsto no artigo 8.1 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, sexa susceptible de cualificarse como ben inmoable de características especiais, entenderase como un único ben inmoable, con independencia de que poida estar integrado por un ou varios recintos ou parcelas ou da súa configuración territorial, en caso de estar situado en distintos termos municipais.

Non formarán parte dos ditos inmoables os depósitos de residuos illados, nin as canles ou tubaxes de transporte ou outras conducións que se sitúen fóra das parcelas nas cales se localice a construción principal, salvo o disposto no número seguinte.

2. Conforme o disposto no artigo 8 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, considéranse bens inmoables de características especiais, por constituíren un conxunto complexo de uso especializado e reuniren as demais condicións establecidas no número 1 do citado artigo, os seguintes inmoables:

Grupo A. Integran este grupo os seguintes bens inmoables:

A.1 Os destinados á produción de enerxía eléctrica que, de acordo coa normativa de regulación do sector eléctrico, deban estar incluídos no réxime ordinario. Non obstante, os bens inmoables destinados á produción de enerxía hidroeléctrica soamente se integrarán neste grupo cando, non estando incluídos no grupo B, superen os 10 MW de potencia instalada. Neste último suposto, tamén formarán parte do inmoable as canles, tubaxes de transporte ou outras conducións que se sitúen fóra das parcelas, incluído o encoro ou azude, e que sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade de obtención ou produción de enerxía hidroeléctrica.

A.2 Os destinados á produción de gas, entendendo incluída nesta tanto a extracción do xacigo como a regasificación, ou actividade de transformación do elemento líquido en gasoso, así como a licuefacción, sempre que

estas actividades se destinen principalmente ao abastecemento último a terceiros por canalización.

A.3 Os destinados á refinación do petróleo.

A.4 As centrais nucleares.

Grupo B. Integran este grupo os encoros superficiais, incluído o seu leito ou fondo, a presa, a central de produción de enerxía hidroeléctrica, o salto de auga e demais construcións vinculadas ao proceso de produción, así como as canles, tubaxes de transporte ou outras conducións que se sitúen fóra das parcelas e que sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade de obtención ou produción de enerxía hidroeléctrica, sempre que teñan as dimensións ou capacidade de encoro ou de desaugamento propias das grandes presas conforme o disposto na normativa sectorial. En todo caso, exceptúanse os destinados exclusivamente á rega.

Grupo C. Integran este grupo as autoestradas, estradas e túneles cando, en calquera deles, se encontre autorizado o establecemento de peaxe de acordo coa lexislación sectorial.

Grupo D. Integran este grupo os seguintes bens inmoables:

D1. Os aeroportos, entendéndose como tales os así definidos pola lexislación sectorial.

D2. Os portos comerciais.

3. Cando os bens que, conforme as incisos anteriores, deban clasificarse como inmoables de características especiais, se localicen parcialmente fóra do territorio ao cal resulta de aplicación o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, incorporárase á base de datos catastral exclusivamente a superficie que ocupen no citado territorio.

## TÍTULO III

**Da formación e mantemento do Catastro Inmoable**

## CAPÍTULO I

**Disposicións comúns aos procedementos de incorporación**

Artigo 24. *Medios de proba.*

1. Para a práctica das inscricións catastrais derivadas dos distintos procedementos de incorporación previstos no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e neste real decreto, poderase utilizar calquera medio de proba admitido en dereito que sexa suficiente para acreditar a realidade dos feitos, actos ou negocios que as motiven.

2. En particular, consideraranse medios de proba idóneos, respecto daquilo que o ordenamento xurídico lles reconece, a certificación expedida polo Rexistro da Propiedade, a escritura pública ou, en xeral, calquera documento público, e o documento privado respecto do cal conste, de forma que faga fe, a realidade da súa data, dos intervinientes e, se é o caso, dos requisitos a que se refire o artigo 1261 do Código civil, así como os demais recollidos especificamente na orde que menciona o artigo 28.3 deste real decreto.

3. A carga da proba corresponderá sempre a quen faga valer o seu dereito e será practicada por el mesmo ou á súa custa.

Artigo 25. *Inscricións catastrais provisionais.*

1. A inscrición catastral terá carácter provisional nos seguintes supostos:

a) Cando se realice en virtude de certificación de inscrición rexistral practicada de acordo co procedemento

establecido no artigo 205 da Lei hipotecaria e mentres non desaparecese a limitación fronte a terceiros dos efectos das inscricións rexistradas así practicadas.

b) Cando as probas achegadas nun procedemento de incorporación non resulten concluíntes, pero poidan servir para sustentar unha presunción razoable de veracidade dos feitos, actos ou negocios que o motiven.

2. As inscricións catastrais provisionais vincularán o titular catastral fronte á Facenda pública mentres non se cancelen ou mentres desempeñe a titularidade do dereito en cuxa virtude se practicasen.

3. O carácter provisional da inscrición deberá figurar en todos os documentos que expidan os órganos xestores do catastro.

#### Artigo 26. *Trámite de audiencia.*

1. Nos procedementos de declaración, comunicación, solicitude e revisión de actos en vía administrativa, abrírase o trámite de audiencia por un período de dez días cando figuren no procedemento ou sexan tidos en conta na súa resolución feitos, alegacións ou probas que non se correspondan coas consignadas nas declaracións, comunicacións, solicitudes ou recursos.

2. Nos procedementos de aprobación dos cadros de valores e nos de valoración colectiva, o trámite de audiencia realizarase colectivamente, para o cal se publicará un edicto no boletín oficial que corresponda atendendo ao ámbito territorial do procedemento de que se trate, no cal se anunciará a apertura do mencionado trámite. En ambos os procedementos a audiencia estenderase por un período de dez días, durante o cal os titulares catastrais poderán presentar as alegacións e probas que estimen convenientes.

#### Artigo 27. *Prazo de resolución nos procedementos de incorporación e efectos da falta de resolución expresa.*

1. O prazo máximo para resolver os procedementos de incorporación e para a notificación ou publicación da súa resolución será de seis meses.

2. Nos procedementos iniciados por instancia de parte, así como nos relativos ao exercicio do dereito de petición a que se refire o artigo 29 da Constitución española e nos de impugnación de actos e disposicións, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado resolución expresa determinará que os interesados poidan entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes, declaracións, peticións ou recursos.

### CAPÍTULO II

#### Procedementos de declaración

#### Artigo 28. *Lugar e prazo de presentación das declaracións.*

1. As declaracións a que se refire o artigo 13 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario poderán presentarse nos seguintes lugares:

a) As xerencias, subxerencias ou unidades locais do Catastro ou as delegacións de Economía e Facenda en que se integran.

b) Os demais órganos e oficinas que se relacionan no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

c) O concello no termo municipal do cal se sitúe o ben inmueble a que se refire a declaración ou a entidade pública xestora do imposto sobre bens inmobles, quen as remitirá coa documentación complementaria ás xerencias ou subxerencias do Catastro competentes.

2. O prazo de presentación das declaracións catastrais será de dous meses contados desde o día seguinte ao do feito, acto ou negocio obxecto da declaración, para o cal se atenderá á data de terminación das obras, á do outorgamento da autorización administrativa da modificación de uso ou destino e á data da escritura pública ou, se é o caso, documento en que se formalice a modificación de que se trate.

3. Mediante orde ditada polo ministro de Economía e Facenda determinarase a forma, modelos, medios e demais condicións en que deban presentarse as declaracións catastrais, así como os requisitos para que os modelos de declaración dos tributos municipais poidan ser utilizados como medio de presentación daquelas.

### CAPÍTULO III

#### Procedementos de comunicación

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> COMUNICACIÓNS DE NOTARIOS E REXISTRADORES DA PROPIEDAD

#### Artigo 29. *Alcance das comunicacións.*

As comunicacións a que se refire o artigo 14.a) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario incluírán, alén da adquisición ou consolidación da propiedade da totalidade do inmueble por unha soa persoa, a que se produza por varias, en unidade de acto, con independencia de que o dereito adquirido por cada unha delas sexa unha parte da propiedade plena ou da núa propiedade, ou do usufruto total ou parcial sobre o inmueble.

##### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> COMUNICACIÓNS DE CONCELLOS

#### Artigo 30. *Feitos, actos ou negocios obxecto de comunicación.*

1. O procedemento de comunicación previsto no artigo 14.b) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario poderá ter por obxecto os seguintes feitos, actos ou negocios:

- A realización de novas construcións.
- A ampliación, rehabilitación ou reforma das construcións existentes, xa sexa parcial ou total.
- A demolición ou derriba das construcións.
- A modificación de uso ou destino de edificios e instalacións.

A correspondente ordenanza fiscal determinará o ámbito ao cal se estende este procedemento, que poderá abranguer todos ou algúns dos supostos previstos nos parágrafos anteriores.

2. Os concellos que se acollesen a este procedemento poderán poñer en coñecemento da xerencia ou subxerencia do Catastro competente os cambios na titularidade catastral dos inmobles afectados polos feitos, actos ou negocios obxecto das ditas comunicacións dos cales teñan constancia fidedigna. A remisión desta información non suporá a exención da obriga de declarar o cambio de titularidade.

#### Artigo 31. *Alcance e contido da obriga de comunicar.*

1. A obriga de comunicar afectará os feitos, actos ou negocios relacionados no artigo anterior para os cales, segundo corresponda en cada caso, se outorgue de modo expreso:

- Licenza de obras de construción de edificacións e instalacións de todas as clases.

b) Licenza de obras de ampliación de edificios e instalacións de todas as clases existentes.

c) Licenza de modificación, rehabilitación ou reforma que afecte a estrutura dos edificios e instalacións de todas as clases existentes.

d) Licenza de demolición das construcións.

e) Licenza de modificación do uso dos edificios e instalacións en xeral.

f) Calquera outra licenza ou autorización equivalente ás anteriores de acordo coa lexislación aplicable.

2. As comunicacións ás cales se refire este artigo deberán conter a información gráfica e alfanumérica necesaria para a súa tramitación, conforme o que se determine mediante orde ditada polo ministro de Economía e Facenda.

#### Artigo 32. *Prazo de comunicación.*

Os concellos acollidos a este procedemento remitiranlle á xerencia ou subxerencia do Catastro competente por razón do ámbito territorial os datos relativos aos feitos, actos ou negocios obxecto de comunicación, no prazo de tres meses computados desde a finalización do mes en que se realizasen estes. A remisión poderá facerse directamente ou a través dos entes xestores do imposto sobre bens inmobles ou das administracións públicas con que teñan establecidas fórmulas de colaboración.

#### Artigo 33. *Renuncia e suspensión do procedemento de comunicación.*

1. O concello poderá renunciar ao procedemento de comunicación mediante ordenanza fiscal. A renuncia deberá notificarse á xerencia ou subxerencia respectiva, con indicación da data da súa entrada en vigor, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da adopción do acordo de renuncia.

2. A suspensión do procedemento de comunicación poderá producirse por iniciativa do concello respectivo ou da Dirección Xeral do Catastro, nos seguintes termos:

a) A suspensión poderá ser acordada polo pleno do concello, de forma motivada, en calquera momento. O dito acordo, que se lle notificará á Xerencia ou Subxerencia respectiva no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da súa adopción, deberá publicarse no boletín oficial da provincia correspondente ou no da comunidade autónoma, no caso de comunidades uniprovinciais, e producirá efectos o día seguinte ao da súa publicación, restablecéndose desde ese momento o deber de declaración dos titulares catastrais previsto no artigo 13 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

b) Nos supostos en que o concello incumpra de forma reiterada as obrigas establecidas nesta sección, a Dirección Xeral do Catastro deberá recordarlle o seu cumprimento, concedéndolle para o efecto un prazo mínimo dun mes. Se, transcorrido o prazo concedido, o incumprimento persistise, a Dirección Xeral do Catastro poderá acordar a suspensión do procedemento de comunicación mediante resolución, que se lle notificará ao concello e será publicada no boletín oficial da provincia correspondente ou no da comunidade autónoma, no caso de comunidades uniprovinciais, cos efectos establecidos no parágrafo anterior.

A desaparición da causa que motiva a suspensión determinará o seu levantamento, que se acordará e publicará en idénticos termos aos establecidos para a súa adopción.

#### Artigo 34. *Información aos titulares catastrais.*

1. Os concellos deberán advertir expresamente e por escrito, no momento de outorgar as licenzas ou autorizacións, da exención da obriga de declarar ante o catastro Inmobiliario os feitos, actos ou negocios que, conforme o artigo 30.1, se encontren comprendidos no procedemento de comunicación.

2. Nos supostos en que se acordase a suspensión do procedemento de comunicación, os concellos deberán advertir expresamente e por escrito da subsistencia da obriga de declarar os feitos, actos ou negocios para os cales, tras a efectividade da suspensión, se soliciten as correspondentes licenzas ou autorizacións. A suspensión do procedemento en ningún caso prexudicará a quen solicitase a licenza con anterioridade á súa adopción.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> COMUNICACIÓN EN SUPOSTOS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA, DESLINDAMENTO ADMINISTRATIVO, EXPROPIACIÓN FORZOSA E ACTOS DE PLANEAMENTO E DE XESTIÓN URBANÍSTICOS

#### Artigo 35. *Alcance e contido da obriga de comunicar.*

1. De conformidade co disposto no artigo 14.c) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, as administracións públicas actuantes nos procedementos de concentración parcelaria, deslindamento administrativo e expropiación forzosa están obrigadas a comunicar á xerencia ou subxerencia do catastro competente por razón do territorio a resolución dos ditos procedementos.

2. Así mesmo, están obrigadas a comunicar os seguintes actos de planeamento e xestión urbanística:

a) As modificacións de planeamento que supoñan alteracións na natureza do solo.

b) Os proxectos de compensación, de reparcelación e de urbanización, ou figuras análogas previstas na lexislación autonómica.

c) A execución subsidiaria de obras de rehabilitación, demolición ou derriba derivadas do incumprimento do deber de conservación das edificacións, así como aquelas outras que deriven do incumprimento da función social da propiedade.

d) A ocupación directa dos terreos destinados a dotacións.

3. As comunicacións a que se refire este artigo deberán conter a información gráfica e alfanumérica necesaria para a súa tramitación, conforme o que se determine mediante orde ditada polo ministro de Economía e Facenda.

#### Artigo 36. *Prazo para efectuar as comunicacións.*

O prazo para a realización das comunicacións previstas no artigo anterior será de dous meses. O dito prazo computarase:

a) En caso de concentración parcelaria, a partir do día seguinte ao da extensión da acta de reorganización da propiedade, ou documento equivalente de acordo coa lexislación autonómica.

b) En caso de deslindamento administrativo, a partir do día seguinte ao do acto de aprobación do deslindamento.

c) En caso de expropiación forzosa, a partir do día seguinte á data da acta de ocupación ou, se é o caso, do pagamento, consignación do depósito ou da indemnización previa por prexuízos.

d) En caso de modificacións de planeamento, a partir do día seguinte ao da publicación da súa aprobación definitiva no boletín oficial correspondente.



e) En caso de proxectos de compensación e de reparcelación, a partir do día seguinte ao da publicación da súa aprobación definitiva no boletín oficial correspondente.

f) En caso de execución subsidiaria de obras de rehabilitación, demolición ou derriba, e no das derivadas do incumprimento da función social da propiedade, a partir do día seguinte ao da data da súa finalización.

g) En caso de ocupación directa de terreos para dotacións, a partir do día seguinte ao da formalización da acta de ocupación.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> COMUNICACIÓNS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

##### Artigo 37. *Alcance e contido da obriga de comunicar.*

De acordo co establecido no artigo 14.d) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, a Axencia Estatal de Administración Tributaria comunicará á Dirección Xeral do Catastro, coa periodicidade que se acorde en cada caso, a información que obteña nos procedementos de aplicación dos tributos relativa aos datos identificativos e cotas de participación dos titulares dos dereitos de propiedade e de usufruto sobre os bens inmoables, da cal teña coñecemento dentro dos dous meses seguintes á realización dos respectivos feitos, actos ou negocios.

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> NORMAS COMÚNS AOS PROCEDEMENTOS DE COMUNICACIÓN

##### Artigo 38. *Obrigas formais.*

As administracións públicas están obrigadas a conservar á disposición dos órganos xestores do catastro inmobiliario, durante os prazos establecidos na normativa de protección de datos de carácter persoal e sobre arquivo de documentación, os documentos acreditativos dos datos comunicados e daqueles outros que fosen postos no seu coñecemento, ou testemuño deles, xa sexa en soporte convencional ou informático.

### CAPÍTULO IV

#### **Concordancia entre o titular catastral e o suxeito pasivo do imposto sobre bens inmoables**

##### Artigo 39. *Información sobre rectificacións do suxeito pasivo.*

As entidades que xestionen o imposto sobre bens inmoables están obrigadas a lle remitir, á xerencia ou subxerencia do catastro competente por razón do ámbito territorial no cal se encontren localizados os bens inmoables afectados, información sobre as rectificacións que acordasen respecto do suxeito pasivo do referido tributo cando, como consecuencia da emisión de listas de cobranza, documentos de ingreso e xustificantes de pagamento, resulte acreditada documentalmente a non coincidencia del con ningún dos titulares catastrais que figuran no padrón do correspondente exercicio, ou cando, coincidindo cun titular, este figurase no padrón por un dereito distinto ao que determina a suxeición ao imposto.

A dita información remitirase mensualmente, antes do día 20 do mes posterior á data en que se practiquen as correspondentes liquidacións.

##### Artigo 40. *Contido da información.*

A información a que se refire o artigo anterior deberá conter os seguintes datos:

a) Referencia catastral e localización do ben inmoable afectado.

b) Identificación do titular catastral que figura no padrón catastral ou nos demais documentos expresivos das súas variacións ao cal se atribúe a condición de suxeito pasivo nas listas de cobranza, documentos de ingreso e xustificantes de pagamento. A dita identificación realizarase mediante expresión do seu nome e apelidos, denominación ou razón social e número ou código de identificación fiscal ou número de identidade de estranxeiro.

c) Identificación do suxeito pasivo do imposto resultante da rectificación realizada pola entidade xestora do tributo, mediante a expresión do seu nome e apelidos, denominación ou razón social, número ou código de identificación fiscal ou número de identidade de estranxeiro e domicilio fiscal.

d) Dereito que posúe o novo suxeito pasivo sobre o inmoable, constitutivo do feito imponible do imposto.

e) Carácter público ou privado do documento que fundamenta a rectificación, con indicación da súa data e do negocio xurídico que a orixina. No caso de que se trate de documento público, identificación do número de expediente e xulgado ou Administración actuante ou do número de protocolo e notario autorizante.

##### Artigo 41. *Tramitación.*

A xerencia ou subxerencia do Catastro, á vista da información recibida e dos antecedentes que consten no seu poder, acordará, se é o caso, a iniciación do procedemento de inscrición que corresponda, sen prexuízo das sancións que poidan derivar polos incumprimentos das obrigas fiscais que se producen.

##### Artigo 42. *Obrigas formais.*

As entidades que xestionen o imposto sobre bens inmoables están obrigadas a conservar á disposición dos órganos xestores do catastro inmobiliario, durante os prazos establecidos na normativa de protección de datos de carácter persoal e sobre arquivo de documentación, os documentos acreditativos que motivan as rectificacións dos suxeitos pasivos que acordasen ou testemuño deles, xa sexa en soporte convencional ou informático.

##### Artigo 43. *Confirmación das rectificacións.*

1. As rectificacións que comunicasen as entidades xestoras do imposto sobre bens inmoables entenderanse confirmadas, para os exclusivos efectos da liquidación do dito tributo, se antes do derradeiro día do mes seguinte a aquel no cal a Dirección Xeral do Catastro os recibiu, esta non adoptase resolución expresa ao respecto.

2. A resolución do procedemento adoptada pola xerencia ou subxerencia do catastro deberá notificarse, se é o caso, aos novos titulares catastrais, de conformidade co establecido nos artigos 109 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

### CAPÍTULO V

#### **Procedementos de solicitude**

##### Artigo 44. *Inicio dos procedementos.*

1. As solicitudes a que se refire o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, nas cales se fará constar a referencia catastral do ben inmoable, poderán formalizarse

en calquera momento e presentaranse nos lugares indicados no artigo 28.1 deste real decreto.

2. A solicitude de baixa acompañarase do documento acreditativo da extinción ou modificación do dereito no cal conste o adquirente deste, ben que, cando a causa da solicitude fose a renuncia ao dereito, e sen prexuízo do establecido no Código civil respecto da fraude de acredores, observarase o disposto no artigo 17 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

#### Artigo 45. *Solicitude de baixa.*

A solicitude de baixa do titular catastral, tras a realización dun feito, acto ou negocio polo que se extingue ou modifica o dereito en virtude do cal foi inscrito, ten por obxecto a cancelación ou modificación da inscrición efectuada en favor do solicitante e a incorporación, se procede, dun novo titular catastral.

#### Artigo 46. *Efectos da solicitude de baixa.*

A solicitude de baixa presentada no prazo establecido para declarar o correspondente feito, acto ou negocio exonera do cumprimento da dita obriga.

### CAPÍTULO VI

#### Inspección

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> A INSPECCIÓN CATASTRAL

#### Artigo 47. *Definición e funcións.*

Correspóndelle á inspección catastral:

a) A comprobación e investigación dos feitos, actos, negocios e demais circunstancias relativas aos bens inmobles susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no catastro inmobiliario.

b) A regularización da descrición catastral dos ditos bens que resulte das actuacións de comprobación e investigación efectuadas.

c) A realización daquelas actuacións inquisitivas ou de obtención de información que deban levarse a efecto e que directa ou indirectamente conduzan á formación e ao mantemento do catastro.

d) Informar os obrigados tributarios sobre as normas de aplicación ao procedemento de inspección catastral e sobre o alcance das obrigas e dereitos que delas derivan.

e) O asesoramento e informe aos órganos da facenda pública en canto afecte os dereitos e obrigas desta, sen prexuízo das competencias propias doutros órganos.

f) A práctica das liquidacións do imposto sobre bens inmobles resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación cando a competencia de xestión do citado tributo fose atribuída á Administración xeral do Estado, conforme o previsto no artigo 77.8 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

g) Cantas outras funcións sexan encomendadas polos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda.

#### Artigo 48. *Atribución e exercicio das funcións inspectoras.*

1. As funcións propias da inspección catastral estarán atribuídas aos órganos que sexan determinados por orde do ministro de Economía e Facenda.

2. Os concellos e as entidades públicas que exerzan a xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles desempeñarán funcións propias da inspección catastral cando leven a cabo actuacións de inspección conxunta nos termos e condicións establecidos na sección 5.<sup>a</sup> deste capítulo ou cando, conforme o previsto no artigo 64, as asumisen mediante convenio.

Tales actuacións afectarán exclusivamente os bens inmobles situados integramente no ámbito territorial de cada concello ou entidade.

#### Artigo 49. *Persoal inspector.*

As actuacións que impliquen o exercicio das funcións sinaladas no artigo 47 serán realizadas polos funcionarios que desempeñen os correspondentes postos de traballo nos órganos catastrais con competencias inspectoras. Os funcionarios que ocupen estes postos de traballo estarán investidos das facultades, dereitos, prerrogativas e consideracións recoñecidos no artigo 142 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, así como nas súas disposicións de desenvolvemento, e quedarán suxeitos, igualmente, aos deberes establecidos na citada normativa.

O persoal inspector poderá exercer, así mesmo, as demais funcións propias da xestión catastral.

##### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> ACTUACIÓNS DE INSPECCIÓN CATASTRAL

#### Artigo 50. *Enumeración.*

As actuacións de inspección catastral poderán ser:

- a) De comprobación e investigación.
- b) De obtención de información con transcendencia catastral.
- c) De valoración.
- d) De informe e asesoramento.

#### Artigo 51. *Actuacións de comprobación e investigación.*

As actuacións inspectoras de comprobación e investigación terán por obxecto a verificación do cumprimento das obrigas e deberes establecidos na normativa catastral en relación coa descrición catastral dun ben inmovible dentro dos límites determinados polo artigo 11 do Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral da inspección dos tributos, entendéndose que teñen carácter parcial cando se limiten a parte dos elementos integrantes da descrición catastral do citado inmovible.

#### Artigo 52. *Actuacións de obtención de información.*

1. Son actuacións de obtención de información as que teñen por obxecto o coñecemento pola inspección catastral dos datos que consten en poder de calquera persoa, natural ou xurídica, pública ou privada, e que teñan transcendencia para efectos catastrais, sen que exista obriga de terllos facilitado ao catastro mediante as correspondentes declaracións ou comunicacións.

2. Con independencia do disposto no número anterior, cando a inspección catastral desenvolva actuacións de comprobación e investigación poderá obter, respecto doutras persoas e entidades, cantos datos ou antecedentes consten en poder do obrigado tributario e sexan relevantes para efectos catastrais.

3. As actuacións de obtención de información poderán desenvolverse en presenza da persoa en cuxo poder se encontren os datos correspondentes, ou ben mediante requirimento feito para que tales datos ou antecedentes sexan remitidos ou achegados aos funcionarios que realicen as correspondentes actuacións inspectoras.

**Artigo 53. Actuacións de valoración.**

1. As actuacións de valoración realizadas no curso dun procedemento de inspección catastral terán por obxecto o cálculo dos valores catastrais correspondentes aos distintos exercicios a que se estenda a regularización da descrición do inmovible, con desagregación, se é o caso, dos respectivos valores de solo e de construción.

2. A determinación do valor catastral do inmovible obxecto das actuacións inspectoras incluírá a expresión dos elementos esenciais que o motiven, de conformidade co establecido no artigo 12.3 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

**Artigo 54. Actuacións de informe e asesoramento.**

1. Sen prexuízo das competencias propias doutros órganos da Administración, a inspección catastral informará e asesorará, cando así o soliciten, os órganos que integran os servizos centrais e periféricos do Ministerio de Economía e Facenda, así como os seus organismos autónomos e entes dependentes, en todas aquelas materias propias do seu ámbito de competencia.

2. Igualmente, prestará informe e asesoramento sobre tales materias a calquera outra autoridade e organismo que así o solicite.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> PLANIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN CATASTRAL****Artigo 55. Plan de inspección catastral.**

1. As actuacións inspectoras adecuaranse ao Plan de inspección Catastral, que será aprobado pola Dirección Xeral do Catastro e elaborado a partir das propostas que para tal efecto realicen as xerencias e subxerencias a través das respectivas xerencias rexionais.

2. O Plan terá carácter reservado, sen prexuízo da publicidade dos criterios nos cales se inspire.

3. O Plan conterá os criterios sectoriais, territoriais, cuantitativos ou de calquera outro tipo, que vaian servir para seleccionar os inmovibles obxecto das actuacións inspectoras, así como a determinación, separada para cada clase de inmovibles, do tipo e número de actuacións inspectoras que deban realizarse.

**SECCIÓN 4.<sup>a</sup> ESPECIALIDADES DO PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN CATASTRAL****Artigo 56. Os obrigados tributarios no procedemento de inspección catastral.**

Están obrigados a atender aos órganos e o persoal inspector:

a) As persoas ás cales se refire o artigo 9 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

b) Os notarios e rexistradores da propiedade e as administracións obrigadas a formalizar ante o catastro as comunicacións reguladas no artigo 14 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

c) Os que, en xeral, estean obrigados a lle proporcionar ao catastro calquera dato, informe ou antecedente con transcendencia catastral.

**Artigo 57. Especialidades nas actuacións de investigación.**

1. O resultado das actuacións de investigación recollerase nas actas de inspección catastral de regularización da descrición do inmovible, nas cales se incluírá a proposta

que formule o inspector actuario, coa conformidade do inspector xefe.

2. A acta notificaráselle ao interesado concedéndolle un prazo de quince días, contados desde a data da súa recepción, para que presente as alegacións que estime oportunas.

Cando, transcorrido o dito prazo, non se presentasen alegacións, o xerente ou subxerente procederá, se é o caso, a ditar o correspondente acordo de incorporación ao catastro, á vista da proposta de regularización contida na acta de inspección catastral.

Se o interesado presentase alegacións á acta, o inspector actuario emitirá informe no cal se xustificará a aceptación, total ou parcial, ou a non aceptación destas. O dito informe, no cal se fará constar a conformidade do inspector xefe, servirá de motivación para que o xerente ou subxerente dite o correspondente acordo de incorporación ao catastro, ou resolva que non procede a práctica de inscrición ningunha, segundo corresponda.

**Artigo 58. Especialidades nas actuacións de comprobación.**

1. Se da comprobación dos feitos, actos ou negocios recollidos nas declaracións e comunicacións a que se refire o capítulo II do título II do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario se deducise a existencia de datos falsos, incompletos ou inexactos, incoarase a correspondente acta de inspección catastral, que se tramitará conforme o disposto no artigo anterior.

2. Cando o inspector actuario comprobe a integridade, exactitude e veracidade das declaracións ou comunicacións mencionadas, levantará acta de inspección catastral de comprobado e conforme, logo de audiencia do interesado para que alegue o que conveña no seu dereito. Esta acta notificaráselle ao interesado xunto ao acordo de incorporación ao catastro que dite o xerente ou subxerente como consecuencia da tramitación da correspondente declaración ou comunicación.

**SECCIÓN 5.<sup>a</sup> ACTUACIÓNS DE INSPECCIÓN CONXUNTA COS CONCELLOS E AS ENTIDADES QUE EXERZAN A XESTIÓN TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES****Artigo 59. Definición.**

1. Son actuacións de inspección conxunta as que se levan a cabo en forma de colaboración entre a inspección catastral e os concellos e entidades que exerzan a xestión tributaria do imposto sobre bens inmovibles, de acordo coas normas legais e regulamentarias que regulan a inspección catastral e cos requisitos e condicións que se establecen nesta sección.

2. Os funcionarios das ditas administracións ou entidades que realicen actuacións de inspección catastral conxunta terán a consideración de inspectores colaboradores e deberán ter atribuídas as funcións propias da inspección dos tributos nas respectivas relacións de postos de traballo.

**Artigo 60. Planificación das actuacións de inspección conxunta.**

Os concellos e as entidades públicas xestoras do imposto sobre bens inmovibles que desexen levar a cabo actuacións de inspección conxunta formularán á xerencia ou subxerencia do seu ámbito territorial a correspondente proposta de actuacións para a súa inclusión no Plan de inspección a que se refire o artigo 55, na cal se fará constar a identificación dos funcionarios que realizarán as citadas actuacións.



### Artigo 61. *Tramitación das actuacións.*

1. As actuacións de investigación que realicen os concellos e as entidades a que se refiren os artigos anteriores no marco dun procedemento de inspección conxunta documentaranse en comunicacións, dilixencias e actas de colaboración na inspección catastral, de acordo cos modelos oficiais aprobados para o efecto por resolución do director xeral do Catastro.

2. O inicio das actuacións realizarase mediante comunicación do concello ou entidade na cal se porá de manifesto ao interesado a súa natureza e alcance, a interrupción dos prazos de prescrición, os seus dereitos e obrigas e que as citadas actuacións se efectúan en colaboración coa Dirección Xeral do Catastro.

Na mesma comunicación poderase requirir o interesado para que compareza nas oficinas do órgano actuante ou achegue cantos datos, informes ou antecedentes con transcendencia catastral resulten necesarios para a investigación, con advertencia expresa das infraccións en que pode incurrir en caso de desatender o requirimento, conforme o previsto no artigo 70 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

3. Cando o inspector colaborador dese por concluídas as súas actuacións de investigación, emitirá a acta de colaboración na inspección catastral, na cal se definirán na súa integridade os elementos do feito, acto ou negocio non declarado ou declarado de forma incompleta ou inexacta. A dita acta incluírá, así mesmo, a proposta de regularización catastral que se estime pertinente e a conformidade do inspector xefe da xerencia ou subxerencia do Catastro, que deberá expresarse, se é o caso, no prazo dun mes. No caso de que non sexan conformes as actuacións practicadas, xa sexa por terse observado erro na apreciación dos feitos ou indebida aplicación das normas xurídicas, o inspector xefe acordará a emenda que corresponda.

A notificación da acta e ulterior tramitación do procedemento será realizada polo inspector actuante colaborador nos termos establecidos no artigo 57.2 deste real decreto.

## TÍTULO IV

### Da colaboración e do intercambio de información

#### CAPÍTULO I

##### Convenios de colaboración

### Artigo 62. *Subscrición de convenios de colaboración.*

Para o exercicio das funcións atribuídas á Dirección Xeral do Catastro poderán subscibirse convenios de colaboración con outras administracións, entidades e corporacións públicas, coas limitacións previstas no artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e neste capítulo.

### Artigo 63. *Tramitación dos convenios de colaboración.*

1. No caso de que a formalización de convenios de colaboración o sexa por proposta da entidade interesada, a solicitude será formulada directamente ante a citada Dirección Xeral ou ben a través da xerencia ou subxerencia do catastro correspondente segundo o ámbito territorial da entidade colaboradora. Á dita solicitude achegárase memoria explicativa na cal se fará constar o obxecto do convenio, o alcance das funcións que se vaian exercer en cada caso e os medios persoais e materiais de que se

dispón para o desenvolvemento das funcións cuxa xestión se pretende convir. Previamente á toma en consideración da formalización dun convenio, deberá quedar acreditado no expediente instruído a suficiencia dos ditos medios.

2. A Dirección Xeral do Catastro, á vista da proposta formulada e após informe do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria e das xerencias ou subxerencias correspondentes, decidirá sobre a conveniencia ou non da subscrición do convenio.

3. Cando a formalización do convenio o sexa por proposta da Dirección Xeral do Catastro, a proposta acompañarase igualmente dunha memoria explicativa.

### Artigo 64. *Réxime xurídico dos convenios.*

1. En virtude do convenio de colaboración, a entidade colaboradora poderá asumir en réxime de delegación de competencias, de encomenda de xestión, ou mixto, o exercicio dalgunha das funcións a que se refire o número 3 deste artigo, sen prexuízo da posibilidade de avocación nos supostos de delegación, ou do exercicio concorrente da función convida nos supostos de encomenda, sempre que iso non sexa contrario ao convenio nin afecte a eficacia do servizo.

2. O convenio de colaboración non comportará a transferencia de medios materiais nin persoais nin contraprestación económica de ningún tipo entre as partes.

3. Poderá ser obxecto dos convenios a que se refire este capítulo o exercicio das seguintes funcións:

a) Tramitación de expedientes relativos a cambios na titularidade catastral dos inmobles, excepto aqueles que deban ser obxecto de comunicación.

b) Colaboración no tratamento da información subministrada polos notarios e rexistradores da propiedade.

c) Tramitación de declaracións relativas a modificacións na descrición catastral dos inmobles.

d) Tramitación de expedientes de emenda de discrepancias.

e) Actuacións de inspección catastral, exceptuadas as funcións recollidas nas alíneas e), f), e g) do artigo 47. Non obstante, a delegación de funcións inspectoras soamente alcanzará as actuacións de investigación.

f) Colaboración no proceso de notificación e atención ao público derivado dos procedementos de valoración colectiva ou doutros procedementos catastrais.

g) Recepción de documentación e asistencia e información aos cidadáns en materia de xestión e de difusión da información catastral.

h) Elaboración e mantemento de cartografía, ortofotografías e outros soportes gráficos.

i) Elaboración de cadros de valores.

j) Procedementos simplificados de valoración colectiva.

k) Colaboración no desenvolvemento das funcións do observatorio catastral do mercado inmobiliario.

l) Calquera outra que se acorde.

4. As resolucións que se adopten en virtude de delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante, polo que se informará expresamente os interesados de que o réxime de impugnación dos actos ditados pola entidade colaboradora é o previsto no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

5. As cláusulas dos convenios recollerán en todo caso as obrigas das entidades colaboradoras de cumprir as normas sobre protección de datos de carácter persoal, asumiren os compromisos de calidade do servizo que teña vixentes a Dirección Xeral do Catastro e axustárense á programación do Plan de Obxectivos e de Actuacións da citada Dirección Xeral.

6. En cada convenio de colaboración crearase unha comisión mixta de vixilancia e control que será presidida por un representante da Dirección Xeral do Catastro e que resolverá as cuestións que se presenten canto á súa interpretación e cumprimento.

**Artigo 65. Especialidades en materia de valoración e inspección.**

1. Sempre que o acto que sexa ditado pola entidade colaboradora inclúa a determinación do valor catastral, precisárase informe previo e vinculante da correspondente xerencia ou subxerencia do catastro, que se entenderá conforme coa proposta se, transcorrido o prazo dun mes desde a súa recepción, o dito informe non se emitiese.

2. Cando se trate de funcións delegadas de inspección catastral, as mencións contidas neste real decreto ao xerente do catastro, ao inspector xefe, ao inspector actuario ou a calquera outro persoal dependente da Dirección Xeral do Catastro entenderanse realizadas á autoridade ou funcionario da entidade colaboradora que corresponda, conforme as súas propias normas de organización, e que, se é o caso, teña atribuídas as funcións propias da inspección dos tributos nas respectivas relacións de postos de traballo.

**Artigo 66. Eficacia.**

Os convenios de colaboración celebrados obrigarán as partes intervinientes desde o momento da súa sinatura, salvo que neles se estableza outra cousa. Non obstante, poderán suspenderse de mutuo acordo e por un prazo non superior a un ano cando concorran circunstancias técnicas, orzamentarias ou de calquera outra índole que así o xustifiquen.

**Artigo 67. Denuncia.**

A denuncia do convenio poderá ser formulada por calquera das partes, após comunicación á outra cunha antelación mínima dun mes. Transcorrido o dito prazo, producirase a extinción da relación convencional. Non obstante, no suposto en que a outra parte manifestase a súa oposición á denuncia, abrírase un período de consultas durante vinte días naturais, no cal a comisión mixta de vixilancia e control deberá procurar o acordo entre as partes sobre a vixencia ou rescisión do convenio. De non producirse este acordo, quedará extinguido o convenio unha vez transcorrido o prazo de consultas.

**Artigo 68. Publicidade do convenio e da súa resolución.**

1. A subscrición dos convenios, así como a súa suspensión e resolución, deberá publicarse no Boletín Oficial del Estado.

2. Así mesmo, as partes intervinientes darán publicidade da existencia do convenio en todos os documentos que se expidan con motivo da súa execución, así como nas súas oficinas abertas ao público e nas súas respectivas páxinas web.

## CAPÍTULO II

### Intercambio de información

**Artigo 69. Fornecemento de información á Dirección Xeral do Catastro.**

1. De conformidade co disposto no artigo 36 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, os concellos ou

as entidades públicas xestoras do imposto sobre bens inmobles remitiranlles ás xerencias e subxerencias do Catastro a seguinte información:

a) Os tipos de gravame aprobados e o importe das exencións e bonificacións outorgadas e que vaian estar vixentes na data de efectividade dos novos valores catastrais, para cada ben inmueble, naqueles municipios incursos nun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral. A dita información remitirase antes da data de inicio das notificacións individuais dos novos valores catastrais.

b) As propostas de rectificación das inexactitudes na descrición catastral de que teñan coñecemento, que se acompañarán das probas que correspondan. Sempre que se encontren suficientemente fundadas, estas propostas servirán para incoar, se é o caso, o procedemento de incorporación que corresponda.

c) Canta información estatística relacionada co imposto sobre bens inmobles sexa requirida polos servizos do catastro para o exercicio das súas competencias.

d) Os cambios de denominación das vías municipais e dos identificadores postais dos inmobles, que se incorporarán á base de datos catastral conforme o previsto no artigo 18.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, sen que para iso se precise audiencia nin resolución expresa.

2. A Administración competente para a aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento urbanístico xerais e parciais deberá fornecer, após requirimento das xerencias ou subxerencias do Catastro, copia íntegra da documentación gráfica e alfanumérica do citado planeamento que revista transcendencia catastral.

Igualmente, as administracións actuantes nos procedementos de concentración parcelaria, deslindamento administrativo e expropiación forzosa deberán fornecer, após requirimento da correspondente xerencia ou subxerencia do catastro, toda a información do correspondente procedemento, complementaria á recollida no artigo 35, que afecte a descrición dos bens inmobles e que revista transcendencia para o catastro inmobiliario.

**Artigo 70. Fornecemento de información pola Dirección Xeral do Catastro ás administracións tributarias.**

1. A Dirección Xeral do Catastro, coa periodicidade que se acorde en cada caso, remitirá á Axencia Estatal de Administración Tributaria e ás consellerías competentes en materia de facenda das comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía, a información a que se refire o artigo 37.1 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, acompañándoa, sempre que o soliciten, do resto da información de que dispoña relativa aos documentos autorizados polos notarios ou inscritos polos rexistradores da propiedade, así como de calquera outra información catastral a que se refire o número 2 do citado artigo.

2. As xerencias e subxerencias do Catastro remitirán aos concellos ou entidades públicas xestoras dos correspondentes impostos municipais a seguinte información:

a) O padrón catastral dos bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais, que conterá a información catastral referida á data de percepción do imposto sobre bens inmobles necesaria para a súa xestión.

Os datos do padrón catastral que, conforme o disposto no artigo 77.6 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, deben figurar nas listas de cobranza, documentos de ingreso e xustificantes de pagamento do imposto sobre bens inmobles, serán, exclusivamente, a referencia catastral do inmueble, o seu valor

catastral e o titular catastral que deba ter a consideración de suxeito pasivo no dito imposto.

b) A relativa aos actos ditados nos diferentes procedementos tanto de incorporación ao catastro inmobiliario dos bens inmobles e das súas alteracións, como de revisión en vía administrativa ou xurisdiccional dos ditos actos, sempre que teñan efectos tributarios no imposto sobre bens inmobles. A dita información fornecerase en forma continua por medios telemáticos, ou trimestralmente noutro caso, por petición das entidades locais afectadas, salvo que de mutuo acordo se estableza unha periodicidade diferente.

c) A información estatística necesaria para que os concellos afectados por un procedemento de valoración colectiva de carácter xeral poidan acordar, se é o caso, os novos tipos de gravame e a bonificación prevista no artigo 74.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

d) Os valores catastrais e as bases liquidables que, para o exercicio seguinte ao da súa aprobación, resulten dos novos cadros de valores, para efectos do previsto no artigo 69.1.a) anterior.

e) A información que soliciten para efectos do previsto no artigo 77.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

f) A relativa aos documentos que servisen de base para a atribución da titularidade catastral, logo de petición do titular do órgano de revisión en vía administrativa dos actos de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles.

g) A información para a liquidación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, relativa ao valor catastral do terreo de cada inmoble, salvo que tales valores xa consten no padrón catastral. Para tal efecto, o valor a que se refire o artigo 107.2.a), primeiro parágrafo, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, será o resultado de aplicar á superficie do terreo o valor do solo establecido no cadro de valores vixente no momento da percepción do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, corrixido polos coeficientes correctores do solo e polos coeficientes correctores do solo e construción conxuntamente que, para cada predio, resulten de aplicación.

h) A información catastral non incluída nas alíneas anteriores necesaria para a concesión de beneficios fiscais nos tributos municipais.

i) Calquera outra que resulte necesaria para a aplicación dos tributos municipais, conforme o disposto no artigo 37.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

#### Artigo 71. *Fornecemento de información ás entidades colaboradoras.*

A Dirección Xeral do Catastro forneceralles, así mesmo, ás distintas administracións ou institucións, por petición delas e nas condicións que se establecen no capítulo seguinte, calquera outra información que resulte necesaria para o desenvolvemento e execución dos convenios de colaboración ou dos procedementos de comunicación, de inspección conxunta ou de calquera outra fórmula de colaboración que se acordase.

### CAPÍTULO III

#### Colaboración na difusión de información

##### Artigo 72. *Puntos de información catastral.*

1. A información catastral poderá ser difundida, mediante os puntos de información catastral, polas administracións, corporacións ou entidades ás cales se refire o

artigo 4 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario cuxa competencia se desenvolva no territorio de réxime común, após autorización da Dirección Xeral do Catastro que, mediante resolución, determinará as condicións de establecemento daqueles, así como o catálogo dos servizos que prestarán.

2. Cando o acceso das citadas administracións, corporacións ou entidades para o exercicio da función de difusión a terceiros da información catastral se refira a datos protexidos, precisarase o consentimento previo e por escrito do afectado.

3. En todo caso, garantirase a igualdade nas condicións de acceso á información difundida e que esta sexa a última dispoñible na base de datos nacional do catastro.

4. Os certificados e demais documentos xerados polo punto de información catastral conterán a data da súa expedición e un código electrónico que permita a comprobación da súa integridade e autenticidade e gozará de plena validez e eficacia, de conformidade co establecido no artigo 96 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no artigo 64 deste real decreto.

### TÍTULO V

#### Da información catastral e a súa difusión

##### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 73. *Protección de datos de carácter persoal.*

A información que conteña datos catastrais de carácter protexido relativos a persoas físicas queda sometida ao réxime xurídico de obrigas e responsabilidades previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

##### Artigo 74. *Emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos.*

1. Con carácter xeral a xestión da documentación e información catastral levarase a cabo mediante a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos que garantirán a súa autenticidade, integridade e, se é o caso, confidencialidade.

2. O emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos permitirá:

a) O envío e recepción dos ficheiros informáticos que sexan precisos para garantir a colaboración ou o intercambio de información catastral e o non rexeitamento destes.

b) A obtención dos certificados catastrais telemáticos a que se refiren os artigos 83 e 84 deste real decreto e o acceso á información catastral, ben sexa co alcance de mera consulta ou para permitir a descarga e ulterior tratamento dos datos.

c) A confección e presentación de declaracións, comunicacións e solicitudes catastrais.

d) O exercicio de calquera outra función que determine a Dirección Xeral do Catastro.

3. A información xestionada mediante os sistemas a que se refire este artigo terá, nas condicións previstas no artigo 96.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a mesma validez e eficacia que a recollida nos documentos orixinais que reproduzan, que poderán ser destruídos salvo que unha norma legal ou regulamentaria imponha un específico deber de conservación e sen prexuízo do disposto no artigo 79.3 deste real decreto.



4. As administracións, corporacións, entidades e institucións públicas non lles poderán exixir aos interesados a achega de certificados catastrais cando poidan dispoñer da información catastral mediante acceso telemático á base de datos nacional do catastro ou por medio das transmisións de datos previstas no Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados polos cidadáns. Cando a información que deba conterse no certificado catastral inclúa datos protexidos, precisárase o consentimento do afectado para o dito acceso, salvo que este estivese amparado nalgún dos supostos previstos no artigo 53 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

5. Por resolución da Dirección Xeral do Catastro serán aprobados os procedementos e requisitos necesarios para a obtención de certificados catastrais por medios telemáticos, así como a forma de remisión, estrutura, contido, especificacións técnicas e formato dos programas e ficheiros informáticos necesarios para garantir o acceso ás bases de datos catastrais, a colaboración e o intercambio da información catastral.

6. Os dereitos e accións que integran o réxime xurídico da propiedade intelectual aplicables á información catastral estenderanse, así mesmo, aos sistemas, programas e ficheiros informáticos de intercambio de información creados pola Dirección Xeral do Catastro para a súa xestión.

#### Artigo 75. *Prazo de tramitación das solicitudes de información catastral.*

A entrega da información catastral realizarase nun prazo non superior a vinte días hábiles, contados a partir do momento da recepción da solicitude de información. Cando se trate de solicitudes de información extensa ou complexa este prazo poderá ampliarse noutros vinte días, logo de notificación ao interesado.

#### Artigo 76. *Aplicación para os fins previstos na solicitude.*

A información catastral a que se refire o presente título, subministrada pola Dirección Xeral do Catastro á Administración ou institución competente ou ás persoas lexitimadas para acceder aos datos catastrais, aplicarase exclusivamente para os fins previstos na solicitude e facilitarase unicamente nos formatos deseñados para o efecto polo citado centro directivo.

#### Artigo 77. *Réxime de cesións e autorizacións.*

1. Fóra dos casos de cesión ou difusión de información a través dos puntos de información catastral a que se refire o artigo 72, a cesión a terceiros da información subministrada pola Dirección Xeral do Catastro está suxeita a autorización específica e previa do mencionado centro directivo, sendo de aplicación ao cedente e ao cesionario o réxime establecido no artigo 50 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

A autorización será outorgada para a finalidade concreta prevista na solicitude, após verificación de que o novo cesionario está lexitimado para acceder aos datos catastrais, conforme o previsto nos artigos 52 e 53 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, e da non concorrencia das circunstancias a que se refire o artigo 50.3 do citado texto refundido, quedando a súa validez condicionada, se é o caso, ao pagamento do importe da taxa de acreditación catastral.

2. Os cesionarios da información catastral que conteña datos protexidos que afecten as persoas físicas, deberán adoptar as medidas e controis necesarios para garantir que o uso da información se realiza conforme o réxime de protección de datos de carácter persoal, establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Os que sexan autorizados á transformación e posterior distribución da información catastral en virtude do disposto no artigo 52.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, deberán citar a Dirección Xeral do Catastro como fonte da información tanto no produto transformado como en todas as súas copias.

#### Artigo 78. *Uso indebido da información catastral.*

Cando a Dirección Xeral do Catastro observe o incumprimento das condicións de uso da información establecidas na normativa catastral ou na autorización concedida, requirirá o cesionario para que cese no dito uso indebido. En caso de non ser atendido o requirimento no prazo outorgado, que non poderá ser inferior a dez días nin superior a quince, mediante resolución que será publicada no Boletín Oficial del Estado prohibiráselle ao cesionario continuar no uso da información e revogarase, se é o caso, a autorización, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar. Estas actuacións poñeranse en coñecemento da Axencia de Protección de Datos cando o uso indebido se refira a datos catastrais protexidos que afecten as persoas físicas.

#### Artigo 79. *Documentación catastral.*

1. Para efectos deste real decreto terá a consideración de documento calquera contido, ou parte del, susceptible de producir efectos catastrais, con independencia de cal sexa o medio, en papel ou en forma electrónica, ou como gravación sonora, visual, ou audiovisual, que constitúa o seu soporte.

2. A conservación e custodia da documentación catastral será responsabilidade da Dirección Xeral do Catastro ata que sexa remitida, no prazo establecido en función dos tipos e series documentais de que se trate, ao Arquivo Xeral da Administración ou, se é o caso, aos arquivos históricos provinciais.

3. A definición dos tipos e series documentais do catastro, así como os criterios de conservación e os prazos para a súa posterior remisión aos arquivos mencionados no número anterior, serán rexidas polo establecido no Real decreto 139/2000, do 4 de febreiro, que regula a composición, funcionamento e competencias da Comisión Cualificadora de Documentos Administrativos, e na Orde EHA/242/2005, do 8 de febreiro, pola que se constitúe a Comisión Cualificadora de Documentos Administrativos do Ministerio de Economía e Facenda.

4. Os órganos baixo cuxa custodia se encontre a documentación catastral garantirán en todo momento o exercicio do dereito de acceso aos fondos documentais e serán competentes para expedir as correspondentes certificacións.

## CAPÍTULO II

### Do acceso á información catastral

#### Artigo 80. *Acceso das administracións públicas aos datos protexidos.*

Entenderanse cumpridos os principios de competencia, idoneidade e proporcionalidade no acceso á información catastral protexida aos cales se refire o artigo 53.2 do

texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, cando sexa acreditada polo solicitante:

a) A disposición que lle atribúa a competencia para cuxo exercicio sexa necesaria a información solicitada, con mención da norma con rango de lei da cal derive a dita competencia.

b) A adecuación ou congruencia entre a información solicitada e a finalidade á cal vaia ser destinada en exercicio da competencia de que se trate.

c) A correspondencia entre o volume e extensión da información solicitada e a finalidade perseguida.

**Artigo 81.** *Acceso a documentos que formen parte de expedientes concluídos.*

1. Terán dereito de acceso aos documentos que formen parte de expedientes concluídos na data da solicitude os que fosen parte nos correspondentes procedementos ou resultasen afectados nos seus dereitos ou intereses lexítimos polas resolucións adoptadas neles. Non obstante, todos terán dereito a acceder á información que forme parte dos expedientes de aprobación dos cadros de valores.

2. Poderán, así mesmo, acceder aos rexistros e documentos que formen parte dos expedientes concluídos, sen consentimento do titular catastral nin dos que fosen parte nestes, os órganos a que se refire o artigo 53.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, nas condicións nel establecidas.

**Artigo 82.** *Denegación do dereito de acceso á información catastral e limitacións ao seu exercicio.*

1. De conformidade co disposto no artigo 50.3 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, poderá denegarse motivadamente o exercicio do dereito de acceso á información catastral, por afectar a eficacia do funcionamento do servizo público, nos seguintes supostos:

a) Cando se trate de solicitudes de información catastral formuladas por administracións, corporacións, entidades e institucións públicas, incluídos os profesionais oficiais, sempre que a información poida ser obtida polos medios a que se refire o artigo 74 deste real decreto.

b) Cando se trate de peticións reiteradas nas cales se solicite a exención prevista no artigo 64 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario. Para tal efecto entenderase que existe reiteración cando a solicitude se refira a información catastral entregada con anterioridade ao solicitante e que a dita información non experimentase modificacións significativas ou relevantes para a finalidade de que se trate.

c) Cando a entrega da información solicitada poida ser substituída pola autorización de cesión da que previamente foi subministrada a outro órgano da mesma Administración.

2. Igualmente poderá denegarse de forma motivada o dereito de acceso á información catastral cando existan indicios fundados de que a finalidade á cal se vai aplicar a información solicitada poida causar un prexuízo grave aos intereses da Dirección Xeral do Catastro ou ao cumprimento das súas propias funcións, especialmente cando, sen título para iso, se pretenda o exercicio de competencias que a lei lle atribúe en exclusiva. Para tal efecto, considerarase que existen indicios fundados cando, sen mediar acordo ou convenio, da documentación achegada polo interesado ou requirida a este se deduza que a información solicitada vai ser utilizada para o exercicio das competencias de formación, mantemento e difusión da información catastral.

## CAPÍTULO III

### Dos certificados catastrais

**Artigo 83.** *Expedición de certificados catastrais.*

1. Os certificados catastrais conterán, cando menos, os seguintes datos e circunstancias:

a) O nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal ou, se é o caso, número de identidade de estranxeiro, e domicilio fiscal do interesado.

b) A finalidade para a cal se solicita.

c) Os elementos da descrición catastral do inmovible ou inmovibles que deban ser certificados, con inclusión, se é o caso, da súa representación gráfica, ou alternativa expresión da inexistencia da información que se solicita na base de datos catastral.

d) Lugar, data e sinatura do funcionario que o expida.

2. O certificado catastral poderá expedirse mediante a utilización dos medios electrónicos, informáticos ou telemáticos a que se refire o artigo 74 deste real decreto.

Nos certificados catastrais telemáticos a sinatura manuscrita do titular do órgano competente, ou do funcionario que corresponda, será substituída por un código de verificación que permita contrastar a súa autenticidade. A copia impresa dos certificados catastrais telemáticos producirá idénticos efectos aos expedidos en soporte papel.

**Artigo 84.** *Efectos dos certificados catastrais.*

1. Os certificados catastrais, que deberán ser congruentes co solicitado, terán exclusivamente carácter informativo e reflectirán os datos existentes na base de datos catastral, nos documentos catastrais ou nos que fosen achegados polos interesados ou por terceiros.

2. Os certificados catastrais terán validez durante un ano a partir da data da súa expedición, sempre que durante ese prazo non se produzan modificacións nas circunstancias determinantes do seu contido.

3. O solicitante non poderá interpoñer recurso ningún contra eles fundado en erro ou inexactitude na descrición catastral dos inmovibles aos cales se refira.

A rectificación dos datos que formen parte do contido do certificado unicamente poderá realizarse mediante os procedementos de incorporación establecidos no título II do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e neste real decreto.

## TÍTULO VI

### Das infraccións e sancións catastrais

**Artigo 85.** *Criterios de graduación.*

1. As sancións pecuniarias pola comisión das infraccións tributarias simples a que se refire o artigo 70 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, graduaranse atendendo en cada caso concreto as circunstancias seguintes:

a) Comisión repetida de infraccións tributarias. Apreciarase a existencia desta circunstancia cando o infractor fose sancionado, en virtude de resolución firme en vía administrativa, e dentro dos catro anos anteriores á comisión da infracción obxecto do expediente, por algunha outra infracción tributaria simple da mesma natureza. Para estes efectos, consideraranse infraccións

da mesma natureza as comprendidas nun mesmo parágrafo do referido artigo 70.

b) A resistencia, negativa ou obstrución á acción investigadora da Administración catastral. Considerase que se produce esta conduta cando os obrigados tributarios, debidamente notificados e apercibidos para o efecto, non atendan os requirimentos formulados polo persoal inspector no curso de actuacións de comprobación e investigación nas cales se puxese de manifesto a comisión dalgunha infracción tributaria simple, ou cando traten de impedir ou obstaculizar a realización de tales actuacións.

c) A utilización de medios fraudulentos na comisión da infracción ou a comisión desta por medio de persoa interposta. Para estes efectos, consideraranse medios fraudulentos o emprego de documentos falsos ou falseados.

d) A falta de cumprimento espontáneo ou o atraso no cumprimento das obrigas ou deberes formais ou de colaboración establecidos na normativa catastral. Considerase que existe falta de cumprimento espontáneo cando o obrigado tributario cumpra as obrigas ou deberes aludidos tras ter sido requirido para o efecto pola Administración catastral, unha vez vencido o prazo legal ou regulamentariamente establecido para iso.

O atraso entenderase producido cando o cumprimento de tales obrigas ou deberes se realice extemporaneamente, sen mediar requirimento ningún.

e) A transcendencia para a eficacia da xestión catastral dos datos, informes ou antecedentes non facilitados e, en xeral, do incumprimento das obrigas formais e de colaboración ou información á Administración tributaria. Para a apreciación desta circunstancia terase en conta o número e entidade dos datos, informes ou antecedentes omitidos, falseados ou incompletos, así como a incidencia do incumprimento na formación e o mantemento do catastro inmobiliario.

2. Os criterios de graduación son aplicables simultaneamente. Para a determinación da sanción aplicable incrementarase o importe da sanción pecuniaria mínima de 60 euros cos importes que procedan por aplicación dos criterios de graduación, sen que o importe da multa resultante poida exceder os límites máximos legalmente previstos.

Se, como consecuencia da resistencia do suxeito infractor, a Administración catastral non puidese coñecer a información solicitada nin o número de datos que esta debese comprender, o importe da sanción pecuniaria mínima será de 1.000 euros.

Non obstante, tratándose da presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas ou da conduta prevista no artigo 70.d) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, o importe da sanción estará constituído exclusivamente polo resultado da aplicación dos criterios de graduación previstos, respectivamente, nos artigos 88 e 91 deste real decreto.

#### Artigo 86. *Falta de presentación de declaracións.*

1. Entenderase cometida esta infracción cando o obrigado tributario non presente a declaración catastral no prazo establecido no artigo 28, ou ben a presente, unha vez comunicada a iniciación do correspondente procedemento inspector, sen prexuízo do que establece o artigo 87 sobre a presentación de declaracións fóra de prazo.

2. A sanción que proceda aplicar pola comisión desta infracción determinarase atendendo os seguintes criterios de graduación:

a) Comisión repetida de infraccións. A concorrencia desta circunstancia incrementarase o importe da sanción en

200 euros por cada infracción sancionada con anterioridade mediante resolución firme en vía administrativa.

b) Resistencia, negativa ou obstrución á acción investigadora da Administración catastral. A aplicación deste criterio de graduación incrementará a contía da sanción en 150 euros se se incumpriu por primeira vez un requirimento efectuado para a achega de datos, e en 300 e 600 euros, respectivamente, se se incumpriu por segunda e terceira vez.

Cando se incumpra o deber de comparecer ou se negue ou impida indebidamente a entrada ou permanencia en predios ou locais ao persoal inspector, o incremento será de 300 euros pola primeira negativa ou obstrución desta natureza, e de 600 e de 1.500 euros, respectivamente, pola segunda e terceira.

As coaccións producidas no curso dun procedemento de comprobación ou investigación incrementarase a contía da sanción en 150 euros.

c) Transcendencia para a eficacia da xestión catastral. Este criterio de graduación aplicarase en función dos diferentes feitos, actos ou negocios a que se refire o artigo 16.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario que non fosen declarados, nos seguintes termos:

1.º Cando se trate da realización de novas construcións ou da ampliación, reforma, rehabilitación, demolición ou derriba das xa existentes, xa sexa total ou parcial, o importe da sanción incrementarase en 400 euros por cada inmovible afectado pola alteración non declarada ou resultante desta, sempre que o seu valor catastral sexa igual ou inferior a 300.000 euros. Se supera a cantidade indicada, o importe da sanción incrementarase na contía que resulte de aplicar o 0,25 por cento sobre a parte do valor catastral que exceda a dita cantidade.

2.º Cando a declaración non presentada se refira a unha modificación de uso ou destino, o importe da sanción será de 200 euros por cada alteración desta natureza non declarada.

3.º Nos supostos de cambio de clase de cultivo ou aproveitamento, o importe da sanción por este concepto incrementarase en 300 euros por cada inmovible afectado pola alteración non declarada, sempre que o seu valor catastral sexa igual ou inferior a 60.000 euros. Se o valor catastral supera a cantidade indicada, o importe da sanción incrementarase, na contía que resulte de aplicar o 0,25 por cento sobre a parte do valor catastral que exceda da dita cantidade.

4.º Cando o feito, acto ou negocio consista nunha segregación, división, agregación ou agrupación, o importe da sanción será de 150 euros por cada un dos inmovibles resultantes da alteración non declarada.

5.º Cando se trate da adquisición da propiedade por calquera título ou da súa consolidación, da constitución, modificación ou adquisición da titularidade dunha concesión administrativa ou dos dereitos reais de usufruto e de superficie, así como dos dereitos de aproveitamento a que se refire o artigo 9.4 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, ou das variacións na composición interna das comunidades ou entidades sen personalidade, o importe da sanción incrementarase en 200 euros por cada alteración desta natureza non declarada. Se se trata de variacións na cota de participación que corresponda a cada un dos cónxuxes nos bens inmovibles comúns, ou na cota de participación dos comuneiros, membros e partícipes de comunidades ou entidades sen personalidade, o importe da sanción por aplicación deste criterio de graduación incrementarase en 60 euros por cada cota non declarada que variase.

En todo caso, a contía total da sanción establecida nesta alínea c) non poderá superar o cinco por cento do valor catastral do inmovible obxecto da alteración.



### Artigo 87. *Presentación de declaracións fóra de prazo.*

1. Entenderase cometida esta infracción cando os obrigados tributarios presenten extemporaneamente as declaracións catastrais, xa sexa de forma voluntaria ou após requirimento, e sempre que non se producise a comunicación do inicio do correspondente procedemento inspector, caso en que a infracción se cualificará e sancionará conforme o establecido no artigo anterior.

2. A sanción que proceda aplicar pola comisión desta infracción determinarase atendendo aos seguintes criterios de graduación:

a) Comisión repetida de infraccións. A concorrencia desta circunstancia incrementará o importe da sanción en 100 euros por cada infracción sancionada con anterioridade mediante resolución firme en vía administrativa, sempre que a presentación da declaración se realizase sen requirimento previo da Administración. En caso contrario, será de 200 euros.

b) Falta de cumprimento espontáneo ou atraso na presentación da declaración. A contía da sanción incrementárase por este concepto, sempre que non mediase requirimento previo, en 20 euros se o atraso na presentación da declaración for inferior a tres meses, 40 euros se o atraso for de tres a seis meses e 60 euros se o atraso for superior a seis meses.

Cando a presentación se producise após requirimento da Administración, as contías aplicables en función dos prazos anteriormente indicados serán de 60, 80 e 100 euros.

c) Transcendencia para a eficacia da xestión catastral. O importe da sanción incrementárase por aplicación deste criterio de graduación no 10 por cento do que correspondese por este mesmo concepto no suposto de falta de presentación da declaración de que se trate, sempre que non mediase requirimento previo. En caso de presentarse a declaración tras o oportuno requirimento da Administración, a porcentaxe anteriormente aludida será do 25 por cento.

### Artigo 88. *Presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas.*

1. Entenderase cometida esta infracción cando a declaración presentada conteña datos ou se acompañe de documentos falsos ou falseados, se omitan datos ou documentos que preceptivamente deban incluírse nela ou se consignasen datos que non se correspondan coa verdadeira descrición dos inmobles.

Para estes efectos consideraranse documentos falsos ou falseados aqueles que reflectan situacións, feitos, actos ou negocios inexistentes, en todo ou en parte, e fosen o instrumento para a comisión da infracción.

2. A sanción que proceda aplicar pola comisión desta infracción determinarase atendendo aos seguintes criterios de graduación:

a) Comisión repetida de infraccións. Cando concorra esta circunstancia o importe da sanción será de 100 euros por cada infracción sancionada con anterioridade mediante resolución firme en vía administrativa, salvo nos supostos de presentación de declaracións falsas, nos cales o importe será de 200 euros.

b) Resistencia, negativa ou obstrución á acción investigadora da Administración catastral. Este criterio aplicarase nos mesmos termos sinalados no artigo 86.2.b) deste real decreto.

c) Utilización de medios fraudulentos. A contía da sanción por este concepto será de 1.500 euros.

d) Transcendencia para a eficacia da xestión catastral. O importe da sanción por aplicación deste criterio de graduación será o resultado de multiplicar a cantidade de

6 euros por cada dato de gran transcendencia falso, falseado ou inexacto que figure na declaración ou que fose omitido. Para estes efectos, consideraranse datos de gran transcendencia a clase e a data da alteración producida, o nome e apelidos, denominación, razón social, número de identificación fiscal ou, se é o caso, número de identidade de estranxeiro, domicilio fiscal e, se é o caso, coeficiente de participación dos titulares catastrais ou daquelas persoas ou entidades que deban figurar no catastro por calquera concepto, a localización e a referencia catastral dos bens inmobles, así como a súa superficie, uso ou destino e clase de cultivo ou aproveitamento.

Cando a omisión, falsidade ou inexactitude se refira a algún dos seguintes documentos que preceptivamente deben acompañar as declaracións, o importe será de 60 euros por cada un deles: fotocopia do número de identificación fiscal, se o declarante non dispón de etiquetas identificativas ou, se é o caso, fotocopia do documento ou certificación en que figure o número de identidade de estranxeiro, fotocopia do certificado técnico, licenza, autorización administrativa ou, en xeral, do documento acreditativo da alteración producida, planos e demais documentación gráfica exixida no correspondente modelo de declaración.

3. A contía total da sanción que corresponda pola presentación dunha declaración incompleta ou inexacta non poderá superar a que correspondese no caso de falta de presentación desa mesma declaración.

4. Cando se presenten voluntariamente, sen requirimento previo, declaracións extemporáneas que emenden as presentadas con anterioridade de forma incorrecta, a sanción determinarase conforme o disposto no artigo anterior, sempre que o importe desta resulte máis favorable para o suxeito infractor.

### Artigo 89. *Incumprimento do deber de achegar a referencia catastral.*

A falta de achega da referencia catastral nos supostos previstos no artigo 40 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario sancionárase incrementando a contía da sanción mínima en 150 euros por cada referencia catastral non achegada.

Se concorre a circunstancia de comisión repetida, o importe da sanción incrementárase en 200 euros por cada infracción desta mesma natureza sancionada con anterioridade mediante resolución firme en vía administrativa.

### Artigo 90. *Incumprimento do deber de comunicación.*

O incumprimento do deber de comunicación a que se refire o artigo 14 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, sancionárase atendendo aos seguintes criterios de graduación:

a) Comisión repetida de infraccións. O importe da sanción incrementárase pola concorrencia desta circunstancia en 200 euros por cada infracción desta mesma natureza sancionada con anterioridade mediante resolución firme en vía administrativa.

b) Resistencia, negativa ou obstrución á acción investigadora da Administración catastral. A aplicación deste criterio de graduación incrementará a contía da sanción en 150 euros se se incumpriu por primeira vez un requirimento efectuado para a achega de datos, e en 300 e 600 euros, respectivamente, se se incumpriu por segunda e terceira vez.

c) Transcendencia para a eficacia da xestión catastral. O importe da sanción incrementárase por aplicación deste criterio de graduación en 50 euros por cada un dos feitos, actos ou negocios que non fosen obxecto de comunicación.

**Artigo 91. Incumprimento do deber de subministrarlle ao catastro datos, informes ou antecedentes.**

O incumprimento do deber de colaboración a que se refire o artigo 36 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, sancionárase atendendo ás seguintes criterios de graduación:

a) Comisión repetida de infraccións. O importe da sanción pola concorrencia desta circunstancia será de 200 euros por cada infracción desta mesma natureza sancionada con anterioridade mediante resolución firme en vía administrativa.

b) Resistencia, negativa ou obstrución á acción investigadora da Administración catastral. Este criterio aplicarase nos mesmos termos previstos no artigo 86.2.b) cando o deber de subministrar datos, informes ou antecedentes, así como os prazos para levalo a efecto, estean establecidos mediante unha disposición de carácter xeral.

Se o fornecemento de información foi solicitado a través de requirimentos concretos, os importes na contía da sanción previstos nas ditas alíneas aplicaranse a partir do segundo requirimento desatendido, unha vez producida a comisión da infracción pola falta de atención do primeiro deles.

c) Transcendencia para a eficacia da xestión catastral. O importe da sanción por aplicación deste criterio de graduación será de 6 euros por cada dato non facilitado como consecuencia do incumprimento do deber de colaboración.

Tratándose de informes ou antecedentes non achegados ou cando o requirimento non atendido teña por obxecto o coñecemento do conxunto de datos que contén un determinado documento, o importe da sanción será de 60 euros por cada informe ou antecedente ou por cada documento non facilitado.

**Artigo 92. Resistencia, excusa ou negativa ás actuacións da Administración catastral.**

1. Entenderase cometida esta infracción, sempre que non opere como criterio de graduación, cando o obrigado tributario non atenda os requirimentos da Administración para achegar datos ou documentos necesarios para a formación e o mantemento do catastro inmobiliario, ou para comparecer, no lugar e tempo sinalados, con idéntica finalidade ou para achegar calquera información que se considere necesaria para o desenvolvemento dun procedemento de xestión ou de inspección catastral.

Así mesmo, constituirá resistencia, excusa ou negativa ás actuacións da Administración catastral negar a entrada ou permanencia do persoal inspector en predios e locais, cando se solicitase de conformidade co procedemento legalmente establecido, e exercer coaccións aos órganos da Administración catastral.

2. A sanción que proceda nestes supostos determinarase mediante a aplicación dos seguintes criterios:

a) Cando a infracción consista en non achegar datos ou documentos requiridos, non comparecer por requirimento da Administración ou negar a entrada en predios ou locais:

1.º Comisión repetida de infraccións. O importe da sanción incrementarase pola concorrencia desta circunstancia en 200 euros por cada infracción da mesma natureza sancionada con anterioridade mediante resolución firme en vía administrativa.

2.º Transcendencia para a eficacia da xestión catastral. O importe da sanción incrementarase por este concepto en 6 euros por cada dato requirido e non achegado ou que debeu achegarse na comparecencia do obrigado tributario, ou por cada dato que non puídesse obterse

como consecuencia da negativa á entrada ou permanencia en predios ou locais.

Cando o obxecto do requirimento sexa o coñecemento do conxunto de datos que contén un determinado documento, o incremento da sanción será de 60 euros por cada documento requirido e non achegado.

b) Cando a infracción consista en exercer coaccións aos órganos da Administración catastral, o importe da sanción aplicable será de 150 euros.

Se concorre a circunstancia de comisión repetida, a contía da sanción incrementarase en 200 euros por cada infracción da mesma natureza sancionada con anterioridade.

3. O incumprimento de sucesivos requirimentos de idéntico contido ou as sucesivas e reiteradas negativas a comparecer ou a permitir ou facilitar a entrada ou permanencia nun mesmo predio ou local, constituirá unha única infracción tributaria simple.

Cada un destes incumprimentos incrementarás o importe da sanción en 150, 300 e 600 euros, respectivamente, polos tres requirimentos sucesivos que fosen desatendidos, e en 300, 600 e 1.500 euros, respectivamente, polas tres negativas sucesivas e reiteradas que se producisen.

**Artigo 93. Redución das sancións.**

O importe da sanción que deba ingresarse pola comisión de calquera das infraccións recollidas nesta sección reducirase un 25 por cento sempre que se realice o ingreso total do importe restante da dita sanción en período voluntario, sen que se solicitase o adiamento ou fraccionamento do pagamento, e non se interpuxese recurso ou reclamación contra a sanción, nin contra a resolución do procedemento de xestión ou inspección catastral do cal derive o procedemento sancionador.

**Artigo 94. Procedemento sancionador.**

1. O procedemento sancionador catastral iniciárase dentro do prazo de tres meses a que se refire o artigo 20.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario. En todo o demais, seralle de aplicación o establecido nos artigos 207 a 212 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e nas súas normas de desenvolvemento.

2. A competencia para a súa tramitación e resolución corresponderá en todo caso á Administración tributaria do Estado, incluso cando a infracción que orixine a iniciación do procedemento se produza ou sexa coñecida no curso de actuacións de inspección conxunta realizadas por concellos ou entidades xestoras do imposto sobre bens inmobles.

**Disposición adicional primeira. Informe dos cadros de valores especiais de ámbito municipal.**

Correspóndelles aos concellos emitir informe respecto dos cadros de valores especiais de ámbito municipal, nos mesmos termos establecidos para os cadros totais e parciais no artigo 27.2 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

**Disposición adicional segunda. Comunicacions municipais.**

A obriga de comunicar establecida no artigo 14.b) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario será exixible respecto dos feitos, actos ou negocios susceptibles de xerar unha alta, unha baixa ou unha variación catastral realizados ou consumados a partir da data que estableza

a ordenanza fiscal, con independencia de que a licenza ou autorización municipal da que deriven se outorgase con anterioridade.

Disposición adicional terceira. *Asistencia xurídica gratuíta.*

Para efectos da aplicación do disposto no artigo 53.2.d) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, no acceso á información catastral polos colexios de avogados para o exercicio das funcións públicas recollidas no capítulo II da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, entenderase que a Administración da que dependen os ditos colexios é a correspondente comisión de asistencia xurídica gratuíta.

Disposición adicional cuarta. *Liquidacións do imposto sobre bens inmobles.*

Cando a competencia para a xestión do imposto sobre bens inmobles estea atribuída á Administración xeral do Estado conforme o previsto no artigo 77.8 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a acta de inspección catastral incorporará, alén da proposta de regularización da descrición do inmueble, a proposta de liquidación que corresponda polo citado tributo.

Disposición adicional quinta. *Exercicio de funcións atribuídas en convenios.*

Para o exercicio das funcións atribuídas en virtude dos convenios regulados no capítulo I do título IV deste real decreto, a entidade colaboradora poderá solicitarlle á Dirección Xeral do Catastro que formule encargo á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima (SEXIPSA) nos termos previstos na disposición adicional décima da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas. Nestes casos, os gastos que se orixinen serán sufragados pola entidade colaboradora nos termos, prazos e condicións que sexan determinados por orde ministerial.

Disposición adicional sexta. *Desenvolvemento das aplicacións informáticas.*

Non obstante o disposto no artigo 64.2, a Dirección Xeral do Catastro realizará, por si ou en colaboración con outras organizacións ou entidades, o desenvolvemento das aplicacións informáticas que resulten necesarias para a xestión dos convenios de colaboración, as cales serán cedidas de forma gratuíta ás entidades colaboradoras que así o soliciten.

Disposición adicional sétima. *Incorporación de certificacións catastrais en documentos públicos.*

Nas escrituras públicas relativas á transmisión da propiedade dos bens inmobles ou á constitución, modificación ou extinción dun dereito de usufruto sobre estes, o notario incorporará, por petición dos outorgantes, as certificacións catastrais descritivas e gráficas correspondentes.

Disposición adicional oitava. *Supostos de concorrencia de sancións.*

O órgano instructor do procedemento sancionador incoado pola Administración catastral ou pola entidade xestora do imposto sobre bens inmobles resolverá o arquivo do expediente, así como a inexixibilidade de responsabilidade e a non imposición de sanción por infrac-

ción, respectivamente, do artigo 70.a) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario ou do artigo 192 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando, existindo identidade de suxeito e feito, se impuxese anteriormente a correspondente sanción pola outra Administración, conforme as súas competencias, ou constase que aquela estivese tramitando un expediente sancionador para o dito efecto.

Disposición adicional novena. *Encomenda da xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles.*

1. Os concellos, sen prexuízo dos convenios ou outras formas de colaboración que se establezan, poderánlles encomendar ás comunidades autónomas uniprovinciais, deputacións provinciais, cabidos ou consellos insulares e demais entidades locais recoñecidas polas leis nas cales se integren, o exercicio das competencias recollidas no artigo 77 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Para tal fin, os concellos deberán adoptar o correspondente acordo plenario e comunicalo á respectiva entidade e á Dirección Xeral do Catastro tres meses antes do inicio do exercicio da percepción do imposto, xunto coa ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles.

3. A entidade local ou a comunidade autónoma uniprovincial correspondente non estará obrigada á asunción das ditas competencias cando as exerza outra entidade local dentro do ámbito territorial que corresponda ao concello solicitante.

Disposición transitoria primeira. *Órganos colexiados.*

Deberá procederse á adaptación da composición dos órganos colexiados catastrais ao disposto neste real decreto no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor, período no cal deberá quedar constituída a Comisión Superior de Coordinación Inmobiliaria e suprimidas as comisións superiores de coordinación inmobiliaria de rústica e de urbana. Non obstante o anterior, as xuntas periciais de catastros inmobiliarios rústicos que no momento da publicación deste real decreto estivesen constituídas, continuarán funcionando como xuntas periciais municipais coa composición que tivesen, ata que se proceda á súa adaptación á nova composición prevista no artigo 16, que en todo caso deberá ter lugar antes do 30 de setembro de 2007.

Disposición transitoria segunda. *Inscripción de rochos e prazas de estacionamento.*

Non será obrigatoria a inscrición catastral dos rochos e prazas de estacionamento en pro indiviso a que se refire o artigo 22, cando fosen adscritos ao uso e aproveitamento exclusivo e permanente dun titular mediante escritura pública formalizada con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto. A comunidade, coa conformidade de todos os comuneiros, ou cada un deles individualmente, poderá solicitar voluntariamente a súa incorporación ao catastro inmobiliario, con efectos a partir do día seguinte ao da solicitude.

Disposición transitoria terceira. *Procedementos de comunicación.*

Cando a ordenanza fiscal a que se refire o artigo 14.b) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario fose aprobada con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, e salvo que nela se prevexa unha data posterior, o procedemento de comunicación iniciarase efectivamente a partir do día primeiro do mes seguinte á publicación deste real decreto no Boletín Oficial del Estado. Esta



obriga de comunicar non alcanzará outros feitos, actos ou negocios que os realizados ou consumados a partir da dita data, con independencia de que a licenza ou autorización municipal da cal deriven se outorgase con anterioridade.

Disposición transitoria cuarta. *Convenios de colaboración vixentes.*

Os convenios de colaboración subscritos entre a Dirección Xeral do Catastro e as diferentes administracións, entidades e corporacións públicas continuarán vixentes polo prazo que teñan establecido, e poderán ser prorrogados mentres as súas cláusulas non resulten contraditorias, incompatibles ou opostas ao previsto no capítulo I do título IV deste real decreto.

Disposición transitoria quinta. *Réxime sancionador.*

O réxime sancionador establecido neste real decreto aplicarase ás infraccións cometidas a partir do 1 de xaneiro de 2003. Así mesmo, será de aplicación ás infraccións cometidas con anterioridade á dita data, sempre que a súa aplicación resulte máis favorable para o suxeito infractor e a sanción imposta non adquirise firmeza.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou de inferior rango que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles coas deste real decreto e, en particular, as seguintes:

a) O Real decreto 831/1989, do 7 de xullo, polo que se desenvolve parcialmente a disposición transitoria décimo primeira da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

b) O Real decreto 1448/1989, do 1 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 77 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

c) O Real decreto 1390/1990, do 2 de novembro, sobre colaboración das administracións públicas en materia de xestión catastral e tributaria e inspección catastral.

d) O Real decreto 1344/1992, do 6 de novembro, polo que se regula a composición, funcionamento e competencias das xuntas periciais de catastros inmobiliarios rústicos.

e) O Real decreto 1485/1994, do 1 de xullo, polo que se aproba as normas que deben rexer para o acceso e distribución pública de información catastral cartográfica e alfanumérica da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, da Secretaría de Estado de Facenda.

f) O Real decreto 407/2001, do 20 de abril, sobre composición, funcións e réxime de funcionamento do Consello Superior da Propiedade Inmobiliaria e das comisións superiores de coordinación inmobiliaria de rústica e de urbana.

g) Epígrafes 5 a 8 do artigo 6, salvo no que afecta a anovamento, substitución e cesamento dos representantes das entidades locais; artigo 13, con excepción da determinación do ámbito dos consellos territoriais da propiedade inmobiliaria de Madrid e Barcelona e da regulación sobre a designación, elección, substitución e anovamento dos representantes das entidades locais; e disposición transitoria segunda da Orde do 18 de novembro de 1999, pola que se desenvolve o Real decreto 390/1998, do 13 de marzo, que regula as funcións e a estrutura orgánica das delegacións de Economía e Facenda.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar cantas disposicións se estimen necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

## XEFATURA DO ESTADO

**7317**

*LEI 6/2006, do 24 de abril, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (IVE), para a clarificación do concepto de vehículo destinado ao transporte de persoas con minusvalidez convido na mesma lei. («BOE» 98, do 25-4-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, prevé no seu artigo 91 a aplicación do tipo impositivo do 4 por cento ás entregas, adquisicións intracomunitarias ou importacións de coches de minusválidos, de conformidade coa definición que destes contén o número 20 do anexo I do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que aproba o texto articulado da Lei sobre o tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, na redacción dada polo anexo II A do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, de aprobación do Regulamento xeral de vehículos, que pasa a denominalos «vehículos para persoas con mobilidade reducida».

Así mesmo, a mesma lei prevé a aplicación do mesmo tipo impositivo aos servizos de reparación deses vehículos e dos servizos de adaptación dos autotaxis e autoturismos para persoas con minusvalideces en cadeira de rodas.

O número 20 do anexo I do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, define os vehículos para persoas con mobilidade reducida como aqueles vehículos cuxa tara non sexa superior a 350 quilogramos e que, por construción, non poden alcanzar en terreo chan unha velocidade superior a 45 quilómetros por hora, proxectados e construídos especialmente, e non meramente adaptados, para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. Canto ao resto das súas características, equipáranse aos ciclomotores de tres rodas.

A aplicación do tipo superreducido do imposto sobre o valor engadido a estes supostos está a levar, en moitos casos, a interpretacións pouco desexables e contrarias ao